



O FARELO

Nº12

Decembro de 2017

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

O proxecto
Youtubeir@s,
galego na
rede




Páxina IV

Nadal en
Compostela
2017



Páxina VII

Festival de
Títeres María
José Jove



Páxina IX

O Carballiño
organiza
monólogos ata
maío



Páxina XII

O Consorcio de
Turismo
promove os
esgrafiados en
Castro Caldelas



Páxinas XV

Press Trip nas
Montañas
Mágicas



Páxinas XXI



Fonsagrada recupera a antesala da sauna castrexa do Castelón

Páxina X

Entrevista



Antón Pedreira, libreiro

“O problema non é o número
de autores e autoras,
está na demanda”

Páxina V

Restaurante

El Coto

**Servicios
Gastronómicos**

Asesoramiento
en la organización
de banquetes, bodas,
comidas de empresas
y todo tipo de eventos.
Elección de menús,
alquiler y montaje de
carpas, selección de
personal y más.

**ORGANIZACIÓN DE
GRANDES EVENTOS**

633 849 010

Miscelanea

Por Rafael José Adalid Rodríguez

Contos, lendas, mitos e beneficios educativos

Ó falar de tradición oral na educación dentro da contorna europea, cómpre resaltar a súa pegada dende a Grecia antiga, papel educativo destacado non só na formación intelectual, se non tamén no físico. Era un sistema educativo por desgracia xerarquizado, onde os que non accedían á escola, víanse relegados á aprendizaxe de certos traballos, que se transmitían no ámbito familiar entre xeracións e de boca en boca.

Ó longo de moitos séculos, como na idade media, a tradición oral impregnou a diversas sociedades de saberes, sendo unha ferramenta educativa empregada nas familias, igrexas, prazas públicas... Na actualidade ou ata non fai moito, algúns aínda nos lembramos do seu estudo, coa memorización ou recitado de: adiviñas, cancións, poemas, trabalinguas, etc.

Como principais características dos contos, lendas e mitos, diremos que tiñan a función de entretemento, dotaban de expli-

cacións, creacións, misterios, orixes... incluso dende certos estamentos, unha finalidade instrutiva. Outro trazo destacable e común é o anonimato destas historias da oralidade, que están e estiveron sometidas ó paso da xente e do tempo, dando lugar a posibles alteracións, modificacións ou variacións nelas co devir.

Non se pode negar que a cultura, intervéñen no proceso de desenvolvemento dentro da etapa educativa do propio neno/a, formándoo individualmente e co seu entorno. Por iso, podemos encadrar este trinomio cos contidos propios do curso que corresponda, aproveitando para impulsar unha pedagogía que escape da plena memorización de textos. Podéndoos empregar como trasmisor de valores educativos, pedagóxicos e didácticos sobre o grupo-aula instaurado no centro.

Así, a transmisión de coñecementos, é algo co que se pode xogar á hora de contar estas narracións. Se ben, como sinalamos

con anterioridade estas formas tiñan esa finalidade, no presente seguen contendo esa capacidade, que perfectamente preparada, contribúe para estimular outros campos.

Con actividades ben preparadas e axeitadas, co seu traballo podemos conseguir a mellora da creatividade entorno á operación invención-creación, estando consecuentemente innegable neste proceso a imaxinación, como membro inseparable da conformación do mundo ou de historias recreados por el/ela.

Mellora da expresión e comprensión oral, onde poderán comprender o narrado e emitir a creación dun texto, traballando esa expresión. Destacar que estudosos relatan a importancia da estimulación da linguaxe oral nos primeiros anos, sendo fundamental para o tratamento de dificultades no seu desenvolvemento.

Potenciación da expresión e comprensión escrita. Cando a oralidade se transmite ó escrito, pódese incluír a comprensión de

diferentes textos, a capacidade de síntese e redacción, enganando a técnica da escrita co trazo ou coa grafomotricidade. Por

consecuente, induce á mellora da capacidade lectora, ben co propio hábito lector ou coas actividades nas que estea presente esta acción. Tanto este apartado como o anterior, permiten alcanzar un vocabulario máis rico e amplo, axeitado para empregar en contextos diferentes.

Outro punto sería a transmisión de valores como coa educación intercultural, con situacións que fagan florecer esa fraternidade, solidariedade, emocións empáticas e outras que camiñen cara unha educación para a paz, promovendo a convivencia entre persoas de calquera parte do mundo.

O pensamento crítico mediante debates e coloquios, o traballo do aprendizaxe individual e grupal e a consecución de autonomía, serían outros elementos conqueribles con este conxunto.



Por Daniel Lago Leirós

Uma UE pan-eslavista ou uma Russia pan-europeia?

A UE, chegou a um ponto, onde abandonou toda esperança e está a deixar-se ir. A UE está chegando a uma grande parada de não mudar o ritmo cara uma reformulação em 2020. Ou quando menos isso é o que está a semelhar e a indicar-se a cada novo dia. A desagregação da UE é uma possibilidade que agradaria em muito ao Putin e aos seus interesses de recuperar o pan-eslavismo. Neste momento, muitos são os indicadores, que insistem, na via da fim da UE como projeto e espaço de democracia e segurança comum para os europeus. Uma UE muito mais fraca e muito mais frágil. Uma Rússia e uma China a vascular o modelo económico e social de globalização cara o seu modelo de autocracia.

É fundamental nesta altura ir afirmar um pilar social para a construção europeia. É fundamental para exprimir uma UE com uma ambição clara cara uma cidadania que viva com dignidade. Neste andar do mundo é crucial para recuperar o caminho da construção europeia a implantação de um pilar social frente o dumping social de outras economias onde não existem nem estas garantias sociais, nem outras muitas de convénios coletivos, de proteção social, de legislação ambiental ou de condições dignas de trabalho. Isto no fundo é o que estamos a jogarmos com o sucesso ou a queda da UE.

Temos que ir cara uma UE da cidadania europeia, na base de uma Europa dos povos e de um pilar social que priorize a

luta contra a exclusão social e a pobreza. Isto, num futuro tornar-se-á de cada vez mais difícil num mundo onde a governação progressista está a deixar passo a um contexto que deixa para fora qualquer um destes parâmetros.

Para além disto, de cada vez olhamos um cenário mais complexo, onde, por exemplo hoje já é possível, se Moscovo acreditar, uma operação militar nas fronteiras da Rússia com os estados bálticos, na fim de assegurar o seu controlo sobre o subministro energético, por um exemplo, dentro da política de alongamento russa cara a Europa. O Putin não terá travão para estabelecer uma esfera de influência russa muito mais perto da Alemanha, ao tempo que sinalizaria, de facto, o papel da NATO como o brinquedo roto do Trump. A um ano da presidência o trumpismo entende o seu papel internacional subsidiário e marca claramente este novo papel de incertidão dos EUA no plano das relações in-

ternacionais. A UE avançou a criação de um exército europeu baixo um único mando, porém, fica todavia o projeto numa das gavetas do alto mando militar.

Neste sentido a última gira do presidente Trump pela China e o Vietname e as Filipinas deita sobre nós este novo cenário mundial, onde a China dominará o discurso nas próximas décadas.

Na mesma, olhamos uma viragem pan-eslavista do espaço da Europa oriental, a Bulgária e a Moldávia vêm de escolher o caminho que guia cara Moscovo diretamente. Na Turquia já assinalaram claramente a sua vontade de deixar de lado qualquer proximidade para a UE, e o Erdogan está a caminhar sem máscara por uma deriva fascista que já apoiou nesse triângulo geográfico das "pipelines" entre o Irão, a Turquia e a Rússia para o apoio da nova rota da seda, esse OBOR, que marca a expansão chinesa ao longo do "heartland" geopolítico da Euroásia.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Producións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortífus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Jos3 Paz Rodr3gues

Acad3mico da AGLP e Presidente da ASPGP



Em dias sucessivos, o 18 e o 20 de dezembro, comemoram-se respetivamente os dias internacionais das Migra33es e o da Solidariedade Humana. E no dia 10, uns dias antes, a Declara33o Universal dos Direitos Humanos. Estes tr3s temas t3o importantes nos levam a lembrar a uma pessoa que na sua vida desenvolveu um grande labor de solidariedade, e tamb3m conheceu a emigra33o. Estou a referir-me ao Padre Am3rico, de nome Am3rico Monteiro de Aguiar (1887-1956), um grande vulto portugu3s que nasceu a 23 de outubro de 1887 na freguesia de Galegos, uma localidade pr3xima de Penafiel. Faleceu v3tima de acidente de via33o em Campo, no concelho de Valongo, a 16 de julho de 1956. A sua fam3lia dedicava-se ao com3rcio, pelo que por imposi33o paterna teve que seguir a carreira comercial.

Frequentou o ensino prim3rio na sua terra natal, passando em 1898 para o Col3gio do Carmo, em Penafiel, e no ano seguinte para o Col3gio de Santa Quit3ria, em Felgueiras. Terminados os estudos liceais, em 1902, empr3ga-se, no Porto, numa loja de ferragens. Em 1906, por3m, resolve partir para Mo3ambique, estabelecendo-se em Chinde, onde trabalha como despachante para duas companhias brit3nicas. No pa3s africano mora durante dezoito anos, at3 1923, travando conhecimento com o padre Rafael M^a da Assun33o, que mais tarde seria nomeado bispo de Cabo Verde.

Regressado a Penafiel, em 1923, contata com o p3roco local, de quem tinha sido companheiro de inf3ncia, e comunica-lhe o desejo de entrar para um convento franciscano, dando como 3nica explica33o a frase: «3 uma martelada! Dois meses depois entra no Convento franciscano de Santo Ant3nio de Vilarinho, em Tui (Galiza), onde permanece durante nove meses como postulante, a estudar latim e ci3ncias naturais e mais um ano, depois da tomada do h3bito, tornando-se um novi3o franciscano. As dificuldades em se adaptar 3 vida mon3stica conduzem 3 sua sa3da em julho de 1925, mas tenta ingressar no semin3rio diocesano do Porto, embora o bispo Ant3nio Barbosa Le3o n3o d3 seguimento ao seu requeri-

mento. Contata ent3o o bispo de Coimbra, Manuel Lu3s Coelho da Silva, que o aceita. Depois de se formar em Teologia no semin3rio de Coimbra, foi nomeado Perfeito do Semin3rio e professor de l3ngua portuguesa. Quatro anos mais tarde j3 era sacerdote. Passando a ser capel3o em Casais do Campo, freguesia de S3o Martinho do Bispo e designado p3roco de S3o Paulo de Frades, n3o chegando a tomar posse, incapacitado por um esgotamento.

Em 1932, quando o bispo de Coimbra lhe entrega a Sopa dos Pobres, 3 quando se come3a a revelar no Padre Am3rico a sua verdadeira voca33o, n3o parando mais a partires de a3. E sendo considerado como um importante benfeitor que dedicou a sua vida aos mais carenciados, principalmente jovens, que se traduziu em in3meras realiza33es. Em maio de 1935, foi convidado para S3o Pedro de Alva pregar 3 popula33o. Certo dia o p3roco da freguesia leva-o 3 escola prim3ria e foi a3 que idealizou e teve a vis3o da «Obra da Rua», fundando a sua primeira «Casa da Col3nia», como era assim chamada a «Casa do Gaiato», a mais conhecida e relevante das suas obras postas em pr3tica. Em agosto decidiu ir para a capital de distrito, e ent3o inicia as «Col3nias de F3rias do Garoto» da Baixa de Coimbra, est3gio embrion3rio do que viria a ser posteriormente a «Casa do Gaiato». Posteriormente foi para Vila Nova do Ceira e Miranda do Corvo. Finalmente, a 7 de janeiro de 1940, o «Padre da Rua» funda a primeira «Casa do Gaiato» (uma esp3cie de «Cidade dos Munchachos», como as dos Padres Flanagan e Silva), no lugar de Bujos em Miranda do Corvo, e a segunda «Casa do Gaiato» no mosteiro beneditino de Pa3o de Sousa, perto de Penafiel e n3o muito longe do Porto. Este



formoso lugar, escolhido por ele, para o surgimento da «Aldeia do Gaiato», foi utilizado para o acolhimento e alojamento de jovens com carencias, sociais, familiares e econ3micas, ou abandonados nas ruas, com condutas anti-sociais, etc.

Paralelamente cria no Porto o «Lar do Gaiato». No mesmo 3mbito e sob o lema «Cada freguesia cuide dos seus pobres» 3 o projeto de constru33o das primeiras casas do «Patrim3nio dos Pobres», tamb3m em Pa3o de Sousa, em fevereiro de 1951. A sua «Obra da Rua» est3 consagrada 3 sublime figura de Jesus e o seu «ex-libris» 3 o «Quim

Mau», o garoto de bra3os abertos que pede o amor do pr3ximo. O Padre Am3rico, como comprovamos, preocupou-se desde o in3cio da sua carreira, em garantir melhores condi33es de vida aos mais desfavorecidos, num ato de solidariedade humana exemplar e mod3lico. A sua «Casa do Gaiato» fundada em 1940, 3 uma institui33o educativa e social que 3inda hoje se dedica a recolher crian3as sem fam3lia ou de fam3lias carenciadas. Merece ser visitada, e para os galegos n3o 3 dif3cil, pois est3 pr3xima 3 cidade do Porto, tendo que colher uns quil3metros antes da grande cidade portuense a estrada que vai para Penafiel.

No ano 1941, a dia 1 de janeiro, abre na



rua da Trindade de Coimbra o «Lar do ex-p3pilo das Tutorias e dos Reformat3rios», institui33o que ser3 entregue aos Servi3os Jurisdicionais de Menores em 1950.

Publica33es e outras atividades

Em junho do mesmo ano de 1941 publica o primeiro volume do P3o dos Pobres, e em 1942, a sua Obra da Rua. A 5 de mar3o de 1944 aparece o primeiro n3mero do jornal O Gaiato, quinzen3rio da «Obra da Rua», do que 3 fundador e diretor, e segue a publicar-se a dia de hoje (24 n3meros ao ano). 3 este o meio mais eficaz de dar a conhecer a sua obra, os seus ensinamentos e os seus prop3sitos, servindo tamb3m para angariar fundos investidos na sua causa. No mesmo, o estilo de escrita 3 direto e esclarecedor, fazendo sempre refer3ncia 3 pobreza e mis3ria dos muitos que ajudava e pretendia ajudar pelo pa3s fora.

A 4 de janeiro de 1948 seria inaugurada a «Casa do Gaiato» de Lisboa, situada na quinta da Mitra, em Santo Ant3o do Tojal, em Loures. Em 1950 sae ao p3blico o op3sculo Do Gaiato. No ano de 1951 lan3ou a ideia que denominou «Patrim3nio dos Pobres», com o objetivo de promover, junto de outras freguesias e de todas as par3quias, a ajuda aos mais pobres de cada regi3o. A sua 3rea de a33o, embora se tenha estendido a v3rias zonas do pa3s, foi principalmente o Porto, cidade onde acabaria por falecer, com

quase 69 anos de idade. Em 1952 faz uma viagem a 3frica e publica o livro O Barredo, ao que se seguem, em 1954, Ovo de Colombo e Viagens, no ano em que toma posse da quinta da Torre, em Beire, freguesia de Paredes, para a instala33o de uma «Casa do Gaiato» e de uma denominada «Casa do Calv3rio», uma outra institui33o esta criada para o abrigo de doentes incur3veis e abandonados pelas fam3lias, que sob a orienta33o dos seus seguidores come3ou a funcionar em 1957. E 3inda, a 1 de julho de 1955, abriu a «Casa do Gaiato» de Set3bal, no lugar de Algeruz.

A sua luta contra a pobreza e a exclus3o social, 3inda n3o desapareceu com ele.

Por ser uma grande pessoa, por levar 3 pr3tica o evangelho crist3, por criar numerosas institui33es a favor dos mais carenciados e necessitados, foram v3rias as pessoas que realizaram teses de doutoramento sobre a sua vida e obra, e publicaram monografias sobre a sua figura. Gra3as ao seu excelente labor 3inda 3 hoje o dia que funcionam e t3m vida as institui33es criadas por ele e seus seguidores, que a seguir se resenham: Casas do Gaiato em Pa3o de Sousa-Porto, Miranda do Corvo-Coimbra, Set3bal (a 8 quil3metros da cidade), de Malanje e de Benguela em Angola, de Maputo em Mo3ambique, o Calv3rio da Casa do Gaiato de Beire a 15 quil3metros de Pa3o de Sousa, o Patrim3nio dos Pobres na Casa do Gaiato de Set3bal, e Escolas-Oficinas, de carpintaria, serralharia e tipografia na Casa do Gaiato de Pa3o de Sousa, e de tipografia na de Set3bal.

O seu processo de glorifica33o can3nica, certamente bem merecido, foi iniciado em 1986. O Padre Am3rico pode ser perfeitamente comparado na sua obra ben3fica com Dom Bosco, o Padre Flanagan (criador da «Boy's Town» em Omaha-Nebraska-EUA), o Padre Jesus Silva (criador da «Bemposta-Cidade dos Rapazes», em Ourense-Galiza) ou Maria Montessori (criadora em Roma da «Casa dei Bambini»).

Santiniketon (Bengala-3ndia), a 18 de Novembro de 2017.

O proxecto Youtubeir@s volverá inzar a rede de vídeos en galego

O proxecto Youtubeir@s, organizado polos servizos de normalización lingüística de nove concellos, polas tres universidades e pola Deputación da Coruña, lanza a súa segunda edición coa vontade de promover e de lle dar visibilidade ao uso do galego a través da rede social de vídeos máis grande do mercado global: Youtube. A iniciativa pretende fomentar así a creatividade con temas propios e xerar referentes en galego dun novo axente con gran repercusión social dende o mundo dixital como son os/as youtubeiros/as.

Dentro desta iniciativa, recóllense varias liñas de acción que van dende campañas de incentiación do uso do galego a través da citada plataforma até a formación de youtubeiros e youtubeiras, pasando por actividades para outorgarlle visibilidade ao proxecto, pola dinamización nas redes sociais co obxectivo de xerar comunidade ou pola convocatoria dos Premios Youtubeir@s.

Premios Youtubeir@s

Nos Premios Youtubeir@s poderán participar todas as persoas maiores de 14 anos a través de vídeos de opinión ou videotutoriais autoproducidos en galego subidos a Youtube de xeito independente ou nunha canle. Todas as pezas participantes teñen que estar publicadas con data posterior ao 28 de abril de 2017, sen restricións de privacidade e cos cancelos #youtubeiras #youtubeiros na descrición. En total, o certame entregará 5.500 euros en premios, repartidos nun conxunto de categorías que incrementan o seu número con respecto ao ano pasado. Así, o certame divídese nos seguintes apartados: vídeo-facermos, vídeo-opinarmos, canle, creatividade, eficiencia comunicativa, calidade



técnica, calidade lingüística e o premio do público.

Precisamente, este último galardón do público, chamado #propostayoutubeira, é unha das grandes novidades deste ano, xa que as persoas usuarias da rede social Facebook poderán propoñer a través dun simple comenta-

rio no perfil de Youtubeir@s un vídeo do que sexan seareiros/as incluíndo o cancelo #propostayoutubeira. Os vídeos propostos deben axeitarse ás categorías de vídeo-facermos e vídeo-opinarmos. As bases ao completo pódense consultar no web www.youtubeiras.gal e os premios entregaranse o vindeiro 20 de abril de 2018 nun acto público na Coruña, no cal o xurado dará a coñecer os vídeos gañadores.

Formación e festivais

Por outra banda, o proxecto Youtubeir@s inclúe diferentes programas formativos que se desenvolverán nos concellos e nas universidades organizadoras. Os obradoiros serán impartidos

pola produtora Illa Bufarda e farán fincapé nesta nova edición nas persoas maiores de 50 anos non familiarizadas coas novas tecnoloxías.

Ademais, Youtubeir@s estará presente en eventos culturais galegos coma o CulturGal -no que se realizará unha presentación pública cunha conversa con youtubeiros/as este sábado ás 13:00 horas no Espazo Foro- e festivais relacionados coa creación audiovisual e dixital, co obxectivo de crear sinerxias con festivais para a programación de contidos youtubeiros en galego.

Organización

Youtubeir@s é unha iniciativa organizada polos Servizos de Normalización Lingüística dos concellos da Baña, Ames, Carballo, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Santiago de Compostela, Teo e O Grove, das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e da Deputación da Coruña.

O Mercado da Estrela enriquece a súa 6ª edición os días 15, 16 e 17 de decembro

As concelleiras de Turismo, Marta Lois, e de Acción Cultural, Branca Novoneyra, xunto as directoras do Mercado da Estrela, Mónica Mejías e Elena Sánchez, presentaron no Pazo de Raxoi a sexta edición desta iniciativa, que se celebrará os días 15, 16 e 17 de decembro coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela. O Mercado da Estrela, polo que en 2016 pasaron 10.000 persoas, chega a esta sexta edición convertido nun festival urbano de inverno gratuito para visibilizar o talento das persoas creadoras, artistas, artesáns, produtoras e emprendedoras de Galicia.

Cunha asentada traxectoria na cidade dende 2012, o Mercado da Estrela amplía os seus contidos consolidándose como unha iniciativa lúdico-cultural que, baixo o lema "Agasalla talento galego", continúa fiel á idea de apostar polos produtos galegos nos agasallos das festas e ofrecer unha

programación de balde para os reencontros e os brindes previos a Noiteboa.



Marta Lois destacou a implicación nesta edición das concelleiras de Turismo e de Acción Cultural "co gallo de mellorar, se cabe, os xa fantásticos datos que tivo o Mercado o ano pasado, con preto de 10.000 persoas". Pola súa banda, Branca Novoneyra de-

finiuno como "un dos eventos lúdico-culturais máis destacados e de mellor acollida da programación anual da cidade, que se erixe coma un punto de encontro heteroxéneo, plural, aberto, interxeneracional e atractivo para reivindicar o valor dos produtos de proximidade".

Cinco espazos

A Feira Creativa ubicarase no Claustro do Museo do Pobo Galego, na Zona C e na Casa do Matadoiro, con marcas de complementos, bixutería e xoiería, robótica, ilustración, decoración, cerámica, mobiliario, obxectos para o fogar, etc. Na praza 8 de Marzo instalaranse vehículos de comida que ofrecerán unha apetecible oferta gastronómica que os visitantes poderán degustar dinamizados por sesión DJ dende a tarde do venres 15.

A Carpa Cantina Gourmet ampliará a carta de restauración e será o espazo no que se desenvolverán os concertos das bandas



de indie, latino, pop e rock que participarán na 6ª edición da iniciativa. O Mercado contará ademais con múltiples actividades, como un pase de videoclips galegos e un picnic para familias no Museo do Pobo Galego, obradoiros creativos e unha zona solidaria na Casa do Matadoiro, ou un servizo de gardería-ludoteca de balde no antigo Hospital de San Roque.

O Mercado da Estrela configúrase así como unha proposta moderna e integradora de música, artesanía, gastronomía, solidariedade, creatividade, ocio, compras e novas tendencias que servirá como atractivo para turistas, visitantes e poboación local e que

reunirá a creadores, artistas, artesáns, produtores e emprendedores chegados dende toda Galicia para dar a coñecer as súas pezas, produtos, creación e elaboracións nas datas previas ao Nadal.

O horario do Mercado da Estrela será de 19:00 horas en adiante o venres 15 de decembro, con música e gastronomía na Cantina Gourmet e na Zona Foodtruck, e de 11:00 horas ata a madrugada o resto da fin de semana. Na Feira Creativa, os horarios de apertura serán de 11:00 a 21:00 horas o sábado 16 e o domingo 17. Para máis información poden consultarse as redes sociais do evento.

Por Moncho Mariño

Antón Pedreira, libreiro

“O problema non é o número de autores e autoras, está na demanda”

A librería Pedreira leva trinta e cinco anos aberta, ofrecendo as últimas novidades en literatura galega, portuguesa e en castelán. Tres décadas e media dan moito para contar, mesmo despois que as transformacións dixitais rompesen coa monotonía ou coa tranquilidade editorial, segundo como se queira ver. Antón Pedreira e as persoas que o acompañaron durante todo este tempo, leva detrás de si unha experiencia acumulada que lle permite falar con certa autoridade do ir e vir no mundo das librerías.

-Tres décadas e media, algo máis, como se consegue sobrevivir tanto tempo?

Imos para trinta e seis anos xa, e sobrevivimos porque por sorte, hai un público que gosta da lectura e ten un grande interese en saber. Iso é fundamental. Houbo tempos non tan bos, como despois do 2009, cando o da crise, pero penso que o libro segue alimentando as consciencias e é fundamental.

-Falando da crise, houbo algún estilo ou xénero que resistise mellor que outros nesta recesión económica?

En conxunto resistiron ben todas. Pero a que tivo máis pulo neses momentos foi a literatura infantil e xuvenil. Foi mesmo cando o libro ilustrado deu o seu grande salto para poñerse a grande altura en todo o mundo. No caso galego tamén, con editoras como Kalandraka. Houbo tamén un aumento na venda de guías de viaxes e mesmo a literatura sobre a mesma temática. Ao

mellor tivo que ver o que moita xente non puidese viaxar e preferise ler literatura sobre viaxes. Pero tamén a literatura negra, pois está moi vinculada á literatura de viaxes, tivo un aumento de público moi notable.

-Trinta e seis anos dan para moitos cambios.

No que é a librería, pois todo foi en positivo, porque comezamos con este mesmo local. Co tempo fómolo ampliando para aproveitar máis o espazo e xa no ano 2007, demos o cambio actual. Aínda que xa os viñamos facendo, aumentamos o número de actos como recitais, presentacións, sinaturas de libros e todo isto foi o que transformou esta librería nun, para min, centro cultural. Porque penso que as librerías teñen que ser sobre todo iso, espazos culturais e máis unha librería de barrio como é a nosa.

-E dentro de todos eses actos haberá algún que lle quedase máis gravado na memoria.



Todos son gratificantes, con autores e autoras, músicos moi agradables. Pero home, un dos que máis lembro é a Neira Vilas, quen consideraba a nosa librería como a súa casa, quen facía as súas primeiras presentacións na nosa librería. Pero tamén recordo pola proxección que téñen hoxe, o primeiro concerto que fixo en Compostela, Ses, aquí na nosa librería. Contactara con ela nunha feira do libro e veu ata aquí co seu compañeiro guitarrista e para nós foi algo marabilloso. Tamén pasaron Xavier Díaz, Uxía Senlle e moitos autores e autoras.

-E como se porta a adolescencia, a xente máis nova, co libro galego?

Hai de todo, pero non como debera ser. O galego perde terreo,

é algo que se ve. Hai unha adolescencia que merca libro en galego, pero hai outra que merca no instituto e daquela, pois vano lendo, pero a situación é bastante mala nese sentido. No público que vai de 35 anos para arriba, pois si que se segue vendendo, o mesmo sucede coas traducións que saen en galego ao mesmo tempo que sae a de español. Pero hai unha área da literatura en galego que si me resulta grato falar dela, que é a poesía. Tén un amplo recibemento, está habendo un grande número de creadores e creadoras en poesía. É un xénero que a min me agrada moito, tanto como a parte menos atractiva para o público como é o teatro. En teatro hai autores que aínda se atreven a escribir

teatro pero non é un dos xéneros máis estendidos.

O fomento da lectura sería o remedio?

Habería que fomentar a lectura en galego entre toda a xente. Pero xa digo, que o libro ilustrado en galego comeza a venderse moi ben para o público infantil. E para nós é un indicador que se a esas idades comecen a ler e traballar en galego, continúen máis adiante. Moitos quedan polo camiño e o fomento da lectura é fundamental. Aí son as institucións as que teñen que dar o do de peito, porque sinceramente creo que non se fai o que se téñen que facer. O problema non é o número de autores e autoras, está na demanda, que aí andamos un pouco febles.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03



Nadal Compostela 2017

Máis de medio cento de actividades para todos os públicos, dende a pasada fin de semana e ata despois de Reis. É a programación do Concello para este Nadal, que inclúe ofertas ben distintas para todos os públicos, con moitas actividades para os nenos e nenas, pero tamén propostas para a mocidade e o público adulto".

Algunhas das actividades como o Mercado de Nadal de Carreira do Conde, a pista de xeo da Alameda ou o belén tradicional da igrexa de San Fiz xa están abertas.

Para os máis pequenos haberá música, como a que traerá Pablo Díaz; títeres, como os de Cachirulo ou Alakrán; contos como os de Candido Pazó; ou propostas que mesturan o circo co teatro e a danza, a cargo de Pistacatro, ademais de obradoiros, ou para a visita do Apalpador aos

diferentes centros socioculturais de Compostela.

Tamén para o público infantil, celebraremos no Teatro Principal a Gala de Pallasos en Rebeldía, o día 28 de decembro, que contará coa participación de Píscore Teatro, Circo Chosco, Paco Nogueiras ou Uxía, entre outros.

A gran cita para o público máis miúdo, segundo adiantou Branca Novoneyra, será a Festa do Apego, que se vai celebrar o 30 de decembro no Auditorio de Galicia. Será todo un día con actividades pensadas especialmente para nenos e nenas de ata seis anos, e cun cartaz no que aparecen nomes moi coñecidos dos máis pequenos, como Cé Home Orquestra, Fabaloba, Pablo Díaz ou Anxo Moure.

Para a mocidade haberá propostas específicas, como un obradoiro de cociña coas avoas; contacontos no Centro Xove de Creación Cultural; obradoiros de

scraapbroking ou de decoración de tarxetas de Nadal; ou concertos dos grupos dos locais de ensaio.

Xa para o público adulto en xeral, na programación de Nadal deste ano incluímos dende o ciclo de contacontos Aconteceu un Nadal, de Pepe Sendón, ata actuacións de circo e actuacións musicais específicas ou obradoiros de cociña ou de cantos de reis.

A maiores, volverán as actividades de Efecto Proximidade no mercado de Salgueiriños; e manteranse tradicións como a celebración da festa de fin de ano na praza do Obradoiro, a cabalgata de Reis, a carreira de San Silvestre e os concertos da Banda de Música coa Escolanía da Catedral, o 28 de decembro e o 7 de xaneiro.

Como novidade, este ano na programación de Nadal figuran visitas guiadas a espazos como Belvís ou os museos da cidade.



"Taco de outono" e "Mexillón galego que se volveu nikkei", tapas gañadoras da décima edición de Santiago(é)tapas

O Museo do Pobo Galego acolleu a gala de entrega de premios da décima edición de Santiago(é)tapas, concurso de tapas organizado por Turismo de Santiago e a Asociación Hostalería Compostela que se celebrou do 2 ao 19 de novembro. Desta vez consumíronse máis de 34.000 tapas, cun crecemento de máis do 10% respecto ao ano pasado.

Nesta edición do concurso participaron 70 establecementos de Santiago, que ofrecían 101 distintas. Competían por oito premios distintos. As tapas premiadas foron: Primeiro Premio do Público: "Taco de Outono", de Arte-

sana Gastrobar; Premio do Xurado á Mellor Tapa: "Mexillón galego que se volveu nikkei", de Izakaya Markesa; Segundo Premio do Público: "Vieira en crema de coliflor con emulsión da Vera", de Hotel Arco de Mazarelos; Segundo Premio do Xurado á Mellor Tapa: "Xurelo, café e ensalada de outono", de O Ferro; Premio Especial X Aniversario, premio concedido polo público coas súas votacións valorando a experiencia global que tivo no establecemento: "Up", de ACDC; Premio (é)tapas+, concedido por un xurado especializado ao establecemento máis activo na promoción do concurso nas redes sociais: A Nave de Vidán.

O filme "L'insulte" gaña a 31ª edición de Cineuropa

Nunha axustada disputa con Lucky, de John Carroll Lynch, e Visages Villages, de Agnès Varda e JR, a película gañadora desta 31ª edición de Cineuropa foi finalmente L'insulte, valorada polo público do festival cun 8,56. O filme de Ziad Doueiri obtivo este ano o Premio ao Mellor Actor no Festival de Venecia 2017 pola formidable interpretación de Kamel el Basha, e o Premio do Público do American Film Institute.

L'insulte, unha ollada reflexiva ao conflito que leva anos enfrontando a palestinos e cristiáns libaneses, foi así descrito por José Luis Losa, director deste festival: "Ziad Doueiri explica con esmagadora eficacia o explosivo do melting pot estrutural da sociedade libanesa. Un conflito persoal é a espoleta para sacar á luz a tensión entre a poboación palestina e a libanesa de orixe, as



L'insulte, de Ziad Doueiri

pantasma da memoria recente e arumbada cara ao esquecemento polas matanzas de Sabra e Chatila. É cinema político e, ao tempo, emanación dunha loita individual pola dignidade". A vitoria deste filme establece unha liña de continuidade entre os valores do público e a temática reivindicativa desta edición.

Atrás quedan 22 xornadas de cinema, 264 fitas exhibidas e 24.469 asistentes ás numerosas

proxeccións distribuídas en 7 espazos da cidade que se converteron nestes días en sedes do certame. O Teatro Principal, o Salón Teatro, o Auditorio de Galicia, o CGAC, os Multicines Compostela, o Auditorio Abanca e Númax, acolleron do 7 ao 28 de novembro as proxeccións, concertos, coloquios e presentacións dunha edición que tivo como eixo temático a análise das revolucións e os fitos que transformaron o século XX.

Aberto ata o 31 o prazo de presentación de traballos ao II Premio Xohana Torres

O prazo para a presentación de orixinais ao II Premio Xohana Torres, de ensaio e creación audiovisual sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela, segue aberto ata o 31 de decembro. O galardón, convocado pola Concellaría de Igualdade, reconece aqueles traballos que exploran a participación social e política de mulleres compostelás e a reconstrución da súa memoria histórica. Ao certame poden presentarse ensaios literarios ou científicos ou traballos audiovisuais.

Este Premio Xohana Torres encádrase nas medidas da Concellaría de Igualdade para potenciar a presenza e o recoñecemento social das mulleres en todos os ám-

bitos da sociedade. Ademais, búscase visibilizar as súas achegas ao longo da historia, promocionar a igualdade efectiva entre mulleres e homes e erradicar as diferentes formas de discriminación e desigualdade que viven a día de hoxe as mulleres.

As obras orixinais presentadas a este certame deberán estar escritas en lingua galega. Non se empregará unha linguaxe sexista ou discriminatoria cara as mulleres. Entregaranse dous premios de 2.500 euros -un para a modalidade de ensaio e outro para a modalidade audiovisual- a conta dos dereitos de edición das obras por parte do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Galicia

A CORUÑA / SANTIAGO

XIII Festival de Títeres Maria José Jove

Un ano máis en nadal, o Concello da Coruña e a Fundación Maria Jose Jove convocan o XIII Festival de Monicreques Maria Jose Jove cita ineludible para nenos, familias e amantes dos monicreques e da imaxinación. Este ano, entre os días 26 e 30 de decembro, o festival ofrecerá 8 sesións nas sedes do Fórum Metropolitano, ás sete da tarde, e da Fundación Maria Jose Jove, ás cinco da tarde.

As entradas están á venda na Praza de Ourense na Coruña, no 902 044 226 ou en www.ticketea.com. Nas sedes do Festival, desde unha hora antes do inicio de cada función, só si quedan entradas disponibles.

A entrada individual é a 3,00 euros e o Abono 3 familiar a 6,00 euros (polo menos unha persoa adulta).

Programa

Martes 26 de decembro
- BAILA ROQUE BAILA de Baobab Teatro - Fundación Mª



José Jove ás 17:00 h - Público: +2 anos

- A GALIÑA AZUL de Tanxarina - Forum Metropolitano ás 19:00 h - Público: +3 anos

Mércores 27 de decembro

- CINCENTA de Danthea Teatro - Fundación Mª José Jove ás 17:00 h - Público: +3 anos

- CONTACTREQUES de Eme2 - Fórum Metropolitano ás 19:00 h - Público: +3 anos

Xoves 28 de decembro

- A MALETA DE DON ATTILIO de Viravolta Títeres - Fundación

Mª José Jove ás 17:00 h - Público: +3 anos

- OS GOLFIÑOS E O XIGANTE de Fantoques Baj - Fórum Metropolitano ás 19:00 h - Público: +4 anos

Venres 29 de decembro

- RÚA AIRE de O retrete de Dorian Grey - Fórum Metropolitano ás 19:00 h - Público: +4 anos

Sábado 30 de decembro

- LOS TRES CERDITOS de App Creacións - Fórum Metropolitano ás 19:00 h - Público: +3 anos

A nova mostra dos "Comercios Emblemáticos" abrirá o 14 de decembro

Unha nova edición do percorrido fotográfico Comercios Emblemáticos estará aberta ao público dende o 14 de decembro ao 4 de febreiro de 2018 na sede Afundación (rúa do Vilar, 19). As instantáneas son obra do fotógrafo Afonso Sestelo e queren reflectir a achega fundamental á cidade por parte do comercio.

O Concello de Santiago organiza esta mostra cada ano cunha serie de establecementos elixidos pola Cámara de Comercio de Santiago. Nesta edición, os dez comercios seleccionados son: Asthor Decoración, Confecciones Riande, Ferretería Casas Chico, Joyería Mayer, La Novedad, Librería Couceiro, Papelería Compostela, Relojería Mayer, Rod Mayer e Ultramarinos Carro.

O horario de apertura da exposición é o seguinte: de luns



a venres, de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas. Non obstante, pechará os días 24, 25, e 31 de decembro e o 1 e 6 de xaneiro.

Colaboran co Concello na organización deste evento Afundación Obra Social Abanca, Cámara de Comercio, Compostela Monumental, Em Rede, Mercado de Abastos de Santiago, Santiago Centro Área Comercial e Unión de Consumidores de Galicia.

Santiago reivindica a súa identidade rural co proxecto "cultRural"

Do 12 ao 19 de decembro, Santiago vai reivindicar a súa esencia e identidade rural e a analizar as novas propostas dirixidas a dinamizar este ámbito tan importante do municipio. Será no marco do proxecto cultRural, ao tempo que se convirte en sede do IV Festival Internacional de Cine Rural de Galicia Carlos Velo.

Mesas redondas

O concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia foi o encargado de debullar a programación do cultRural, que botará a andar o martes, 12 de decembro, cun debate na Facultade de Ciencias da Comunicación. Nel participarán representantes dos catro grupos da Corporación municipal, que exporán os seus modelos para o rural de Santiago. Está previsto que na tertulia participe tamén un representante de Ferusa, a Federación das Asociacións de Veciños do Rural.

Xan Duro explicou que, ademais da reflexión política, no cultRural "queremos afondar tamén nas experiencias que están a funcionar para revitalizar o rural, tanto impulsadas por diferentes institucións como pola iniciativa privada". Así, o mércores 13 afondarase en propostas como o mercado labrego dos Tilos, que leva cinco

anos funcionando con éxito no veciño concello de Teo; a Festa do Boi de Allariz, e mesmo os programas O Agro e Labranza, da TVG. Xa o xoves 14, está prevista unha mesa redonda sobre experiencias agroalimentarias de éxito como Xantardevagar, Realiméntate, a Rede de Microincubadoras do Rural ou a Cooperativa Caprina Galega.

Gastronomía

A gastronomía tamén terá un espazo destacado na programación do cultRural. O venres 15, o evento trasladarase ao Centro de Formación e Cultura Gastronómica de Hostelería Compostela, onde se celebrará un obradoiro sobre a cabra, o tomate negro e o grelo de Santiago. A actividade estará dirixida por Xan Galbán, do Restaurante María Castaña. Ademais os días 15, 16 e 17 de decembro celebraranse unhas xornadas gastronómicas sobre a cabra en distintos restaurantes, co obxectivo de recuperar este prato típico da gastronomía de Santiago.

Outras actividades

No marco da programación do cultRural tamén está prevista a presentación do proxecto de Coworking Rural de Cataluña, o sábado 16 no CIAC de Belvís. Nesa mesma xornada presentarase unha publicación coas conclusións do programa, e faranse visitas guiadas ás hortas de Belvís e ás

Brañas de Sar.

Outra das citas de interese será a presentación dunha iniciativa de desenvolvemento rural impulsada polo cineasta Oliver Laxe, que tamén mostrará imaxes inéditas dos incendios.

Co obxectivo de divulgar o programa entre a mocidade, está previsto que se presenten as conclusións do cultRural tanto na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo coma no IES Rosalía de Castro. Tamén haberá presentacións nos locais socioculturais do rural de Compostela.

Festival de Cine Carlos Velo

No marco do cultRural tamén se vai celebrar en Santiago o IV Festival Internacional de Cine Rural de Galicia Carlos Velo. Un dos seus directores é Aser Álvarez, que recoñeceu "que o certame recibirá un importante impulso ao ir da man co programa cultRural, malia a que xa forma parte dunha rede europea de cinema rural". Para el, o obxectivo do festival "é reflexionar sobre o papel do mundo rural no século XXI".

Este ano, a organización do festival recibiu máis de 300 curtametraxes, das que



un comité formado por expertos e estudantes seleccionou as que se poderán ver na Facultade de Ciencias da Comunicación, cinco na categoría de documental e outras cinco na de ficción.

O festival arrancará tamén o martes 12, cunha retrospectiva sobre A Chanfaina LAB. O mércores 13 e o xoves 14 proxectaranse as obras finalistas, e o venres 15 terá lugar a entrega de premios no Salón Nobre do Pazo de Raxoi.

Máis de 100 participantes nos cursos de iniciación á Micoloxía

Entregáronse os diplomas aos participantes dos cursos de iniciación á micoloxía I e II. Trátanse dos dous obradoiros que organizou en outubro a Deputación coa colaboración da Sociedade Micolóxica Lucus, enmarcados na programación de actividades medioambientais e gratuítas que se ofrece no Centro de Interpretación Terras do Miño. Os 140 inscritos recibiron preto de 20 horas lectivas en cinco xornadas, divididas en parte teórica no salón de actos e en parte práctica na contorna do Centro de Interpretación. Nos cursos, impartidos por membros da Sociedade Micolóxica Lucus, ofreceuse unha visión e descrición sobre os principais cogomelos cos que conta Galicia, achegando coñecementos básicos sobre as súas características ecolóxicas, para poder realizar unha correcta identificación e previr futuras intoxicacións polo seu consumo.



Os participantes no curso recibiron os diplomas correspondentes.

Sociedade Micolóxica Lucus

A Sociedade fundouse en 2001 pola iniciativa dun grupo de afeccionados á micoloxía, cumpríndose ao fin un anhelos que tiñan moitos afeccionados en Lugo desde facía anos: unha asociación que canalizase todas as súas inquietudes no ámbito da micoloxía. Os obxectivos deste colectivo son fomentar os valores naturais lucenses e achegar esta

ciencia á cidadanía coa posta en marcha de cursos de micoloxía. Un labor fundamental para fomentar a protección destas variedades micolóxicas e, sobre todo, evitar as intoxicacións por inxesta. O profesor é o presidente da Sociedade, Julián Alonso, doutor en Ciencias Biolóxicas e experto micólogo, impartiu máis de 160 cursos, xornadas e conferencias ao longo da súa carreira.

Exposición do V Premio de Galicia de Fotografía Contemporánea

A deputada de Cultura, Pilar García Porto, inaugurou a mostra "To name a mountain" do fotógrafo Alfonso Almendros, gañador do V Premio de Galicia de Fotografía, presente no acto, e cuxa obra estará exposta ata o 8 de xaneiro no Pazo de San Marcos. Fixoo xunto ao curador da mostra, Vitor Nieves e o director do Outono Fotográfico, Xosé Lois Vázquez.

"To name a mountain" é un documental ficcionado cunha linguaxe contemporánea. Neste traballo, Almendros equipara a dificultade de alcanzar o cumio da montaña co amor que profesaba Bierstadt, en segredo, pola compañeira do seu amigo. A partir do 8 de xaneiro, comezará a itinerancia da mostra polas sete cidades galegas, alén de localidades portuguesas e do resto do Estado.

Outono Fotográfico

O Premio de Galicia de Fotografía Contemporánea ten como obxectivo promover a fotografía contemporánea e as cuestións éticas que suscita, en xeral, a



Inauguración da mostra na Pazo de San Marcos.

arte contemporánea respecto das formas de dominación e a imposición de límites ao pensamento. O premio deste ano está dotado de 8.000 euros que se destinan á produción dunha exposición, organizada polo Outono Fotográfico, e a edición dun libro coa obra gañadora.

O Outono Fotográfico e o Festival Galego de Fotografía compoñense de tres seccións: A Sección Oficial, na que o Festival convida

a autoras/es e curadoras/es, o Outono Aberto onde se seleccionan traballos de amadoras/es, e Historias da fotografía galega para a recuperación do traballo de fotógrafas/os de Galicia xa falecidos. Ademais organiza mostras e programacións en espazos expositivos como galerías de arte, salas de exposicións institucionais, centros de ensino, Casas de Concellos, da Xuventude e de Cultura.

Muras celebrou a terceira Feira do Mel

Muras celebrou a terceira edición da Feira do Mel que contou cun total de once expositores que, ademais do mel, puxeron á venda produtos autóctonos e de tempada, como queixos, castañas, empanadas e licores, entre outros moitos. Os asistentes participaron en diversas actividades como obradoiros lúdicos para os máis pequenos de doces con mel, ceras e cestería. O cantautor Miguel Alonso e o dúo Meritxell amenizaron o xantar. A cita rematou coa entrega de premios do concurso de calidade da mel de Muras.

O día anterior, ademais da disposición dos postos gastronómicos, os asistentes observaron a extracción de resina da man de Francisco Domínguez e a cata de mel elaborada polos participantes no concurso de calidade da mel. O experto en Química Orgánica, Xesús Feás, realizou un simposio sobre a apicultura e o potencial desta explotación na Comarca de Muras. Co fin de fomentar outros produtos autóctonos, celebrouse tamén unha degustación gratuíta de lacón e a Feira do Mel finalizou cunha actuación musical.



A Feira do Mel de Muras durou dous días.

Sober convoca o concurso de diseño do cartel Feira Viño de Amandi

O Concello de Sober convoca o seu tradicional concurso de deseño gráfico coa fin de elixir o cartel anunciador da XXXVIII Feira do Viño de Amandi, que se celebrará o 24 e 25 de marzo de 2018, de acordo con estas bases que vén de facer públicas a través da súa web e das redes sociais. Poderá concorrer toda a poboación, con traballos en formato A3 e técnica libre. Deberán ser presentados en soporte ríxido e só se pode presentar un cartel por autor ou autora. Quedan exentas aquelas persoas que teñan recibido o premio cando menos en dúas ocasións.

Os deseños deben reflectir o

espírito da Feira do Viño de Amandi facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no noso patrimonio e cultura. Os traballos presentados quedarán en poder do Concello de Sober. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador da XXXVIII Feira do Viño de Amandi, así como nos programas de man.

A entrega de orixinais farase na Casa do Concello ata o día 31 de xaneiro de 2018. O horario de entrega será de 10:00 a 14:00 horas. Tamén poden ser enviados por correo postal ao Concello de Sober.

Establécese un premio ao traballo gañador valorado en 600 euros.

Fonsagrada recupera a antesala da sauna castrexa do Castelón

No Castro do Castelón de Castañoso, na Fonsagrada, véñense de rematar os traballos de prospección arqueolóxica. A Deputación de Lugo decidiu financiar estas actuacións con 42.000 euros para poder continuar cunhas investigacións que abandonou a Xunta de Galicia, suprimindo a súa achega económica.

Dez arqueólogos retomaron estes traballos de investigación na contorna da construción. Durante preto de dous meses, ampliaron a escavación co obxectivo de caracterizar e coñecer de que época é o xacemento, así como de investigar a sauna que o distingue, considerada unha xoia da construción castrexa, que é única na provincia de Lugo, ademais dunha das mellores conservadas de toda Galicia. Segundo os expertos, a maiores desta sauna

castrexa na Fonsagrada, na outra en Ortigueira, unha en Cabana de Bergantiños e, algúns investigadores, tamén inclúen nesta listaxe a de Augas Santas, en Allariz (Ourense). Todos coinciden que a sauna do Castro do Castelón de Castañoso sobresaí por conservar a metade da súa bóveda a diferenza das restantes.

Descubrimentos

O presidente da Deputación, Campos Conde, explicou que “estes traballos serviron para saber que o Castro é do século I despois de Cristo, en plena época romana, ten, polo tanto, máis de 20 século; que era unha mina aurífera do río Eo, pertencente a unha poboación indíxena. Descubriuse e recuperouse unha antesala da sauna do Castro, duns 9 metros de largo, que é unha das máis grandes documentadas en Galicia. Dispoñía de canalización

hidráulica. Atópase nun envexable estado de conservación o que, sen dúbida, é moi importante para o Concello da Fonsagrada e, en xeral, para a nosa provincia, pois contamos cunha xoia castrexa punteira en Galicia, que nos permite por en valor a riqueza patrimonial, histórica e cultural coa que contamos en Lugo. A recuperación do Castro do Castelón é unha nova oportunidade económica para a nosa provincia”.

Fernández Queipo, alcalde de A Fonsagrada, agradeceu a “imprescindible” colaboración do Goberno da Deputación, e destacou que “con estas novas escavacións queremos dar a coñecer este elemento patrimonial excepcional en toda Galicia, que se atopa nun marco natural incomparable e que esperamos que repercuta positivamente e impulse a economía e o turismo do noso Concello, e



Prospección arqueolóxica no Castro do Castelón de Castañoso.

deste xeito, de toda a Comarca da Fonsagrada”.

A construción do Castro do Castelón conta cunhas oito vivendas castrexas, é de orixe mineira, moi resgardada, e está moi afastada dos núcleos de poboación, circunstancia que facilitou que se conservase en tan bo estado. Descubríronse case 4 metros de estruturas castrexas, o que permite entender mellor o sistema cons-

trutivo onde vivían, así como unha antesala da sauna do castro, duns 9 metros de largo, que dispoñía de canalización hidráulica e que posiblemente era un espazo comunitario destinado a fines termais con auga e vapor. Ademais, os arqueólogos atoparon e recuperaron elementos romanos, como pezas de cerámica ou moedas co reselo da aguiña, pertencentes á lexión romana.

Atopan un petroglifo en Sober



A roca ten unhas dimensión de 6 x 3 metros.

Un veciño atopou na Paxota preto de Pacios, lugar da parroquia de Bolmente (Sober) unha roca con gravados. A asociación Coado do Vento comunicará o achado á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta para que este novo petroglifo sexa catalogado oficialmente.

“É indiscutible que se trata dun petroglifo e eu diría que é un dos máis interesantes da Ribeira Sacra” dixo o arqueólogo Iván Álvarez Merayo, que visitou a paraxe. A roca estaba parcialmente tapada por maleza e foi un particular que paseaba por esa zona o que ao achegarse reparou en que na superficie da roca apreciá-

banse marcas xeométricas.

A roca mide seis metros e medio de longo por algo máis de tres metros de ancho. Acordar coa descrición que fai Iván Álvarez Merayo, toda a súa superficie está cuberta con ao redor dunha ducia de círculos concéntricos. Tamén se aprecia nunha zona máis limitada o que parece unha composición formada por algúns deses círculos e por semicírculos tamén concéntricos, característicos do que os expertos chaman tipoloxía atlántica. A roca ten escavadas ademais máis de cen pequenas cavidades circulares, das denominadas covañas.

Remata o ensanche da ponte das Bernardas e urbanización do entorno en Pantón

O delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, participou na inauguración da reformada área da ponte das Bernardas e o seu entorno, en Pantón, logo de que recentemente remataran as obras promovidas polo Concello e financiadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Balseiro explicou que a Xunta investiu preto de 230.000 euros nas actuacións, que consistiron no ensanche da ponte e a urbanización e mellora do entorno. Polo que respecta á ponte, ganou catro metros de anchura grazas á eliminación duns alpendres que orixinaban un paso estreito e obstaculizaban a continuidade das beirarrúas.

A intervención completouse coa execución de beirarrúas entre Ferreira e o cruzamento de Sober, fronte ao mosteiro das Bernardas, e a construción dun muro de cantería de cerramento no es-



José Manuel Balseiro e José Luis Álvarez, alcalde de Pantón, no centro da foto.

pazo deixado polos alpendres, entre outros traballos. A obra foi froito do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que achegou o financiamento, e o Concello de Pantón, encargado de redactar o documento técnico e da contratación e execución das obras.

Balseiro subliñou “a cola-

boración entre administracións como fórmula para optimizar recursos e ampliar os servizos e dotacións para os veciños”. Con esta actuación, subliñou, “mellorou a seguridade para peóns e vehículos neste tramo da vía, pero tamén conseguimos unha clara mellora estética nun dos contornos máis visitados do municipio, como é o mosteiro das Bernardas”.

O Centro Médico El Carmen galardoado polo Club Excelencia en Xestión

O prestixioso Club Excelencia en Xestión outorga dous galardóns a Centro Médico El Carmen polas súas iniciativas “Escola de Saúde” e “Indicadores asistenciais na Web”. Estes recoñecementos enmárcanse dentro da I edición do Premio ás “Boas Prácticas no ámbito da Excelencia na Xestión en Sanidade” a nivel nacional, que concede o propio Club. Os premios entregáronse nun acto organizado polo Club e a Comunidade de Madrid e a súa Viceconsellería de Humanización da Asistencia Sanitaria no hospital Gregorio Marañón. As dúas boas prácticas de Centro Médico O Carmen situáronse entre os 18 galardoados finalistas.

Carlos Rodríguez Morante, xerente do hospital Centro Médico

El Carmen, destacou a importancia de que “dúas das iniciativas do noso hospital fosen galardoadas na primeira edición destes premios creados polo Club Excelencia en Xestión, que distingue a algúns dos centros sanitarios máis importantes de España. Para nós é un recoñecemento á nosa aposta pola calidade e as iniciativas sociais”.

Escola de Saúde

A Escola de Saúde naceu a principios de 2016 como iniciativa social do hospital Centro Médico El Carmen. O seu obxectivo é o de divulgar entre a poboación as diferentes dimensións relacionadas co mundo da saúde e do benestar, poñendo para iso a disposición de todos os ourensáns os coñecementos e a experiencia

dos profesionais do hospital. A Escola de Saúde colabora estreitamente con diferentes asociacións e entidades locais, ofrecendo sempre unha información práctica que poida axudar a cubrir as necesidades de pacientes e da sociedade en xeral. Neste tempo a Escola de Saúde acolleu a máis de 1.000 participantes en máis dunha ducia de charlas, levando a Ourense a prestixiosos especialistas e fundacións, como a Pascual Maragall.

Indicadores de Calidade

Dentro da estratexia de calidade, con 8 acreditacións que lle converten nun dos máis recoñecidos de Galicia e de España, o hospital pon a disposición de todos os usuarios os indicadores básicos de calidade, como forma



Directivos do centro médico cos galardóns.

de transparencia e coñecemento público. A través da web do centro pódese acceder aos datos de satisfacción e tempos medios de atención en cada unha das unidades e áreas. O hospital é o único centro de Galicia que ofrece estes datos.

Club Excelencia en Xestión

É unha asociación empresarial, fundada en España en 1991, cuxa

misión é mellorar a competitividade de organizacións e profesionais a través dos valores da excelencia en xestión. O Club Excelencia en Xestión é o único representante oficial en España da EFQM desde 1994 e atópase integrado por máis de 230 socios dos máis diversos sectores e tamaños, que na actualidade representan o 20% do PIB e o 25% do IBEX35.

Calendario

Novembro: Convocatoria de Certames.

2-12-2017

18,00 - Igrexa parroquial de Begonte:

- Misa polos socios e amigos do Belén falecidos.
- No decurso desta, Pregón do Nadal a cargo de ALFONSO CABALEIRO DURÁN, Director de Galicia Calidade.
- Recital do ORFEÓN LUCENSE, coro da Catedral de Lugo, dirixido por Marcos M. Fernández Mosquera.



De seguido, no Centro Cultural José Domínguez Guizán:

- Apertura do Belén Electrónico na súa XLVI edición, e do Museo José Rodríguez Varela-Museo do Belén.

15-12-2017

- Sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo. Inauguración da exposición IMAXES DO BELÉN (Fotografías sobre o Nadal).

26-12-2017

- Sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo. Inauguración da exposición de pintura coas obras presentadas ao XXVIII Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán.

28-12-2017

- Casa da Cultura de Begonte. Inauguración da exposición IMAXES DO BELÉN (Fotografías sobre o Nadal).

15-1-2018

- Casa da Cultura de Begonte. Inauguración da exposición de pintura coas obras presentadas ao XXVIII Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán.

27-1-2018

17,00 - Centro Cultural José Domínguez Guizán:

- Entrega de premios dos certames culturais.
- Clausura de actividades da XLVI edición de “O Nadal en Begonte”.
- Actuación da Agrupación das Escolas Municipais de Música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei, xestionadas pola Asociación Músico Crisanto.



Promove:



Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN

Co apoio de:



Concello de Begonte

Patrocínio de:

XLI Certame nacional da Poesía sobre o Nadal

//ABANCA

Patrocínio de:

XLI Certame Xornalístico “Begonte e o Nadal” e difusión turística



Patrocínio de:

XLI Certame de Debuxo Infantil sobre “O Nadal”



CAIXA RURAL GALEGA

O Nadal en Begonte

Declarado de Interese Turístico Galego pola XUNTA DE GALICIA



XLVI EDICIÓN
2-12-2017 / 27-1-2018

Actividades

- Pregón do Nadal a cargo de ALFONSO CABALEIRO DURÁN, Director de Galicia Calidade.
- Actuación do ORFEÓN LUCENSE, dirixido por Marcos M. Fernández Mosquera.
- BELÉN ELECTRÓNICO (XLVI edición). Creador: José Rodríguez Varela (In memoriam).
- MUSEO JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA (Museo do Belén).
- XLII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL.
- XLII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL.
- XLII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE O NADAL.
- XXVIII CERTAME GALEGO DE ARTE José Domínguez Guizán.
- EXPOSICIÓN das obras presentadas ao Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán na Casa da Cultura de Begonte e na sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo.
- Exposición IMAXES DO NADAL en Begonte e Lugo.
- Edición do libro O NADAL, cos traballos premiados na XLI edición dos Certames de Xornalismo e Poesía sobre O Nadal.
- Actuación da Agrupación das Escolas Municipais de Música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei, xestionadas pola Asociación Músico Crisanto, na xornada da entrega de premios e clausura de actividades.

HORARIO DE VISITAS AO BELÉN: de 11 a 13 e de 15 a 19 h

- Do 3 ao 22 de decembro 2017 e do 8 ao 27 de xaneiro 2018: sábados, domingos e festivos
- Do 23 de decembro 2017 ao 6 de xaneiro 2018: todos os días

Visitas colectivas: avisar previamente ao tel. 982 39 61 21

Galicia

Redacción OURENSE

Alberto Ramos acada o premio Risco de Creación Literaria

O Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco veñen de outorgarlle o Premio Risco de Creación Literaria a Alberto Manuel Ramos Ríos, pola súa obra *A simetría das bestas*. O premio para a obra gañadora é de 6.000 euros en metálico ademais da publicación de 150 exemplares.

O xurado, reunido no Liceo de Ourense, deliberou entre as 16 obras presentadas. Estivo composto por: Belén Iglesias Cortés, concelleira de Cultura, exercendo como presidenta; David González Domínguez, vogal (representando á editorial Urco); Benigno Yáñez Pérez, vogal (gañador da edición anterior); Constantino Pazos Sobrino, vogal (profesor de Ensino Secundario); Antonio González Blanco, vogal (profesor de Ensino Secundario); Ánxela Gracián, vogal (escritora e crítica literaria); e Mónica Fernández Valencia, técnica do Servizo de Normalización Lingüística, como secretaria.

Alberto Ramos, xornalista compostelán, xa gañara o Premio Risco en 2012 coa súa obra *Todos os días*. Na edición deste ano, gañou por maioría cunha obra de corte filosófico, onde concede un espazo de dignidade aos



Alberto Manuel Ramos Ríos.

outros, aos diferentes, aos marxidados. O xurado destaca o seu simbolismo e moi bo manexo dos recursos narrativos, así como personaxes moi ben construídas dadas esas discusións filosóficas.

O concurso, que cumpre a súa décimo sétima edición, homenaxea un dos referentes da Xeración Nós, don Vicente Martínez-Risco e Agüero, e tamén o seu fillo, Antón Martínez-Risco Fernández, ambos veciños de Ourense, e ten no seu palmarés a Xosé Carlos Caneiro, Xosé Luís Martínez Pereiro, Hixinio Puentes e Xosé Vázquez Pintor.

Xantar promociónase en Valladolid

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, promocionouse na Feira Internacional de Turismo Interior, INTUR, que se celebrou en Valladolid. A 19ª edición de Xantar celebrárase en Expourense entre o 31 de xaneiro e o 4 de febreiro. A organización preparou uns paquetes que comercializada a través da central de reservas "Sente Galicia" que permiten regalar unha experiencia enogastronómica en Ourense. A partir de 74 euros, este paquete inclúe a visita ao salón e a participación nas actividades (con demostracións de cociña en directo, catas comentadas e degustacións), a comida ou cea nun dos restaurantes do salón e estancia en hotel de 4 estrelas.

Ademais de estar presente a través da caseta do Concello de Ourense, Xantar realizou unha presentación ante profesionais do sector. A presentación correu a cargo da coordinadora de comunicación de Expourense, Silvia Pardo, que estivo acompañada polo concelleiro de Turismo e Termalismo de Ou-



Jorge Pumar e Silvia Pardo en Intur.

rense, Jorge Pumar. Durante este acto presentouse o novo vídeo promocional da edición de 2018 e indicouse que "desde Xantar traballamos para promocionar o turismo de proximidade polo que o Norte de Portugal, Asturias e, por suposto, Castela e León son os nosos mercados naturais". Silvia Pardo destacou "a aposta que fixeron na edición de 2017 entidades como a deputación de Zamora e a de Valladolid ou o concello de Astorga que participaron na feira por primeira vez e que xa en 2018 volveron a confirmar a súa participación".

O Carballiño organiza monólogos ata maio

Seis destacados humoristas de ámbito nacional e un galego conforman o cartel da terceira tempada do ciclo de monólogos "Carballiño Comedy", que se desenvolverá no auditorio municipal do Carballiño dende o 3 de decembro ao 12 de maio. Trátase de Miguel Lago, El Sevilla, Pablo Carbonell, Antílopez, José Corbacho e Carlos Blanco. O evento foi presentado polo concelleiro de Cultura, Diego Fernández, e os representantes da productora MoitaMerda Promocións, Juan Quintela e Lito Caballero.

Miguel Lago abrirá o ciclo o domingo, 3 de decembro, ás 20,00 h. O seu espectáculo "Que no salga de aquí" é estrea en Galicia. Así o asegurou Juan Quintela, que agradeceu ao Concello e á concellaría de Cultura a colaboración que manteñen dende hai dous anos e que sitúa ao Carballiño entre as localidades preferentes dos espectáculos que promove a súa compañía en Galicia.

O sábado, 13 de xaneiro, ás 21,00 h., actuará El Sevilla, e Pablo Carbonell o fará o sábado, 3 de febreiro, ás 21,00 h. Trae un monólogo baseado na súa vida, e que tamén será estrea en Galicia. O 25 de marzo, sábado, ás 20,00 h., será a quenda de Antílopez, que foi cualificado como a gran sorpresa do humor a nivel nacional. José Corbacho estará no auditorio o sábado, 21 de abril, ás 21,00 h., e finalmente, Carlos Blanco pechará o ciclo o sábado, 21 de maio, ás 21,00h.

Cartel

Diego Fernández expresou a súa satisfacción pola aposta que fai MoitaMerda Promocións polo Carballiño, traendo espectáculos que só se poden ver nas grandes cidades, e asegurou que o cartel desta terceira tempada é excepcional, esperando que acade tanta expectación como a anterior, que foi seguida por máis de 3.000 persoas.



"La Bella y la Bestia"

O concelleiro tamén adiantou dúas novidades importantes que atinxen a esta productora de espectáculos, como é a superproducción musical "La Bella y la Bestia", que chegará ao auditorio do Carballiño o 28 de decembro, e o mago Joel, gañador da última edición de Got Talent de Maxia, que estará no Carballiño o 3 de marzo.



Presentación da programación de monólogos.

Redacción OURENSE

Cata de González Byass en Vinoteca Saborido

Charcutería, tapearía e vinoteca Saborido de Ourense ofrece, desde hai 16 anos, diferentes produtos tanto para levar para casa, como para consumir no mesmo establecemento: luras, segredo ibérico, orella, lacón e embutidos variados. O local estivo dedicado inicialmente, desde 1985, a charcutería- chacinera e co tempo transformouse. O local actual conta tamén con zona de envasado ao baleiro, así, como enlatado de produtos caseiros, polo que é normal atoparse no establecemento con xente dos arredores coas súas viandas para mellor conservar. Abre de luns a sábados. Os sábados ofrece polbo de Arcos (O Carballiño) e cachelos de Fina.

A maior parte do local está dedicado a Tapería- Vinoteca, no cal se define, pois comezou en novembro cunha cata de González Byass e degustación de queixos, e lacón cocido. Estas catas, así como degustacións realízanse sempre na adega deste local, sendo unha contorna auténticamente agradable para este tipo de degustacións, pois conta con máis de 250 referencias de viños de todo o territorio nacional.

José Antonio Gómez, Piño, xestor de



Cata celebrada en novembro na adega de Vinoteca Saborido.

hostalería, catador e enólogo, dirixiu a cata na que se degustaron os viños: Lusco 2016 de Rías Baixas; Beronia de barrica e Beronia reserva 2011, de Ríoxa, Finca Constancia 2001 e Tío Pepe barrica.

González Byass, a adega que abandera a expansión internacional e o coñecemento dos viños de Jerez, foi incluída no "Top 100 Wineries of the Year", que agrupa ás cen mellores do mundo, segundo Wine & Spirits Magazine. Esta listaxe está formado polas adegas cuxos viños obtiveron as mellores cualificacións nesta revista de Estados Unidos que, durante o 2017, catou máis de 15.000 mostras procedentes de todo o mundo. Entre os mellores do ano, atópanse as xoias enolóxicas Tío Pepe Catro Palmas e Tío Pepe Tres Palmas, con 96 puntos, Tío Pepe Dúas Palmas, con 94 puntos, e Tío Pepe Unha Palma, con 91 puntos.

Setenta anos de historia

O Café Bar Pereiro está situado na Praza do Concello do Pereiro de Aguiar (Ourense) fronte ao Consistorio e ao centro médico. Xurxo e Pepita son a terceira xeración e atenden o bar con estanco, de oitenta metros cadrados en total, e a tenda de alimentación situada noutra ala do edificio. A casa ten máis de setenta anos. Inicialmente o baixo estaba ocupado por unha zapatería e posteriormente por unha carpintería do pai de Xurxo na que traballaban tres obreiros. Agora o bar,



Edificio primitivo do actual Café Pereiro.

con terraza interior e exterior, ofrece almorzos, petiscos variados quentes e fríos e prepara comidas e ceas por encargo.



Café PEREIRO

Almorzos, petiscos, tapas quentes e frías. Comidas por encargo.

988 25 93 84
Praza do Concello
O Pereiro de Aguiar
Ourense



CAFETERÍA - BOCATERÍA
TRIBUNAL

Búscanos en:



Rúa Velázquez, 38 (frente a novos juzgados)
Tel. 988 06 17 57



A DESPENSA DO FUENTEFRÍA

Afumados · Ensaladas
Croquetas de bacallau

Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE



Saborido Vinoteca

988 217 442
Avda. Caldas, 51 Ourense



O Proxecto Europeo CRinMA presentouse na universidade

Presentouse en Ourense o Proxecto Europeo CRinMA que ten como obxectivo a protección do patrimonio cultural nas zonas de montaña, no que participa o Inorde e a Cámara Municipal de Montalegre. O obxectivo da xornada foi facer unha presentación a entidades das accións a desenvolver neste proxecto de Cooperación Interterritorial-CRinMA.

A apertura correu a cargo do vicerrector do Campus de Ourense, Universidade de Vigo, Virxilio Rodríguez, o vicepresidente da Cámara de Montalegre, David Teixeira, e o presidente do Inorde, Rosendo Fernández, que fixo unha presentación dos obxectivos e socios do Proxecto Europeo CRinMA, e instou a tódolos participantes a que aproveitaran ao máximo as oportunidades que nos presentan os proxectos europeos en canto ao desenvolvemento económico das rexións.

Na primeira ponencia, David Teixeira, expuxo a Boa Práctica do Ecomuseo do Barroso en Montalegre, financiado con Fondos Europeos e importancia da preservación das costumes e do patrimonio cultural da rexión. A continuación, a técnico do proxecto Rocío Gómez do Inorde, fixo unha breve presentación da política do proxecto que se vai a tratar; en concreto, ao obxectivo temático 6c de promoción, conservación do patrimonio cultural e natural;



O proxecto presentouse na Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo Campus de Ourense.

así como as actividades e accións incluídas no proxecto de cara á elaboración do Plan de Acción.

Pola súa parte, o xerente do Inorde, José Manuel Rodríguez profundizou na importancia da cooperación para acadar proxectos de desenvolvemento da rexión nas áreas dos recursos culturais e naturais. Presentou a Boa Práctica do Proxecto Estaciones, financiado con Fondos Europeos, e que conta co recoñecemento do Primeiro Premio Stephenson da Asociación Europea de Ferrovios, e do proxecto Castaña e Promercado.

A xornada finalizou cun debate e cun chamamento á implicación dos participantes nas accións futuras do proxecto en prol dun mellor aproveitamento dos fondos.

O proxecto CRinMA, que conta cun orzamento de 1.217.250 euros, co-financia-

dos polo Programa Interreg Europa, ten como finalidade mellorar as políticas rexionais relacionadas coa protección e promoción do patrimonio cultural nas zonas de montaña, o cal implica a mellora dos Programas Transfronteirizos e dos Programas Operativos Rexionais, e tamén un pensamento máis complexo sobre o papel do patrimonio cultural nas áreas de montaña, que se traducirá en melloras políticas e programas no futuro.

Ademais do Inorde son socios deste proxecto a rexión Podkarpackie (Polonia), a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Presov (Eslovaquia), o municipio de Montalegre (Portugal), a Asociación Europea de Representantes das Rexións de Montaña (Francia), e a Unión de Municipios de Montaña Piedmont-uncem Piedmont (Italia) e a rexión de Malopolska (Polonia).



Ana María Díaz con Plácido Dobaño, alcalde de Muíños.

Un millón de euros para o Parque Natural de Baixa-Limia Serra do Xurés e para a Reserva dos Ancares

A directora xeral de Patrimonio Natural, Ana María Díaz, supervisou o inicio dos traballos de estabilización do chan e de retención de sedimentos nas zonas afectadas polos incendios de outubro no Parque Natural de Baixa-Limia Serra do Xurés e na Reserva Natural dos Ancares, aos que a Xunta de Galicia destina máis dun millón de euros. A directora xeral indicou que unha boa parte da superficie afectada se atopa en terreos de alta montaña co elevadas pendentes, polo que os traballos terán como finalidade evitar o arrastre do chan e outros restos aos cursos de auga que discorren nas vaguadas. Nese sentido, indicou que os traballos para estabilizar o chan e favorecer a infiltración, limitar a escorrentía e reducir a chegada de sedimentos as canles contribuíndo o impacto na calidade da auga, faranse mediante o acolchado con mantas orgánicas de fibra de coco e o acolchado con palla de cereal.

Biomasa forestal

No caso dos traballos de retención de sedimentos, construíranse barreiras de malla biodegradable de coco e palla e de biomasa forestal, nas zonas de curva instalárase este tipo de barreiras ancoradas ao chan mediante estacas e, no caso de ser necesario, estudárase a posibilidade de empregar materiais como pedras para evitar as escorrentías.

A vexetación destas zonas farase mediante o sementado manual en noiros con risco evidente de desestabilización, e de hidrosembrado en zonas de especial sensibilidade para os efectos erosivos. No caso da Reserva Natural dos Ancares tamén se procederá á limpeza de foxos, infraestruturas de drenaxe e canles por medios manuais, coa finalidade de que as augas discorran de xeito natural, evitando a formación de novos arroios que poidan provocar arrastres prexudiciais para o medio natural.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

CAFETERÍA



*Les desea feliz Navidad
y próspero año nuevo*

Avda. Castelao, 10 Ourense

O Consorcio de Turismo promove os esgrafiados en Castro Caldelas

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra é o promotor das intervencións de esgrafiados na Ribeira Sacra co patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia. Trátase de aplicar a técnica contemporánea no reboco dunha fachada mediante o esgrafiado. Traballaron conxuntamente os restauradores Carolina Sánchez e Francisco Xavier Bernárdez e dous muralistas dos que xa hai diversas obras na Ribeira Sacra, Xoana e Miguel, da Cooperativa Cestola na Cachola.

Unha das intervencións se fixo na Praza da Torre, no núcleo histórico e forte medieval de Castro Caldelas, moi visitado na Ribeira Sacra, capital do concello e bisbarra do mesmo nome. Pódese chegar por diferentes estradas (OU-536, OU-601 e LU-903). Recuperáronse muros nunha vivenda en espazo urbano, intervindo nunha edificación situada no conxunto histórico de Castro Caldelas, declarado en 1988, e no que abundan edificacións que presentan encintados nos revocos.

Próximo á fortaleza medieval de Castro Caldelas, composta por pazo e castelo, en orixe da familia dos Condes de Lemos, con núcleo musealizado. Sobresaen igualmente o santuario neoclásico dos Remedios e a igrexa de Santa Isabel, do século XVI. Destacar que polas rúas do Cima da Vila de Castro Caldelas discorre cada 19 de xaneiro o folión de vésperas de San Sebastián; unha cerimonia multitudinaria, moi común en tempos pasados, nas festas da Ribeira Sacra, coñecida na localidade como Festa dos Fachós, lembrado aquí nos deseños murais de Cestola na Cachola.

O lugar de Castro Caldelas é un emprazamento acolledor de visitantes, e miradoiro sobre o río Sil ao seu paso pola Ribeira Sacra. Estase retomando a técnica tradicional, combinada co muralismo contemporáneo, na liña de traballo xa iniciada nos anos anteriores polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, intervindo en espazos degradados.

Técnicas

Respecto destes traballos, Carolina Sánchez, sinala que "A técnica empregada é das menos frecuentes en Ribeira Sacra, pero si se achega aos estilos e aplicacións do resto da Península. Con-



siste na superposición e recorte de varias capas sendo a última un reboco fino en cor branca no que se debuxan as formas". "Foi moi enriquecedor traballar con artistas muralistas, pois creo que ambas as partes vimos a través desta intervención moitas máis posibilidades e aplicacións combinando técnicas que a priori, parecían distantes."

Xoana, de Cestola na Cachola, indicou que "O esgrafiado pareceunos unha técnica estupenda para traballar tanto en muros que precisan rehabilitación (sobre ladrillo, cemento...), como en espazos rodeados dunha construción tradicional ou centros históricos". Sostén Xoana que "o resultado queda moi adaptado á contorna (tanto polas cores como polos materiais empregados). Deseñamos elementos comúns nas dúas fachadas para unificar o resultado final como é non caso das árbores, as follas e as estrelas. Na fachada frontal representamos dous elementos populares característicos da vila: O Irrio e a Festa dos Fachós. Tamén un hórreo cun sol descansando pola noite nun ceo estrelado. Na outra fachada, dúas mulleres traballadoras do campo."



Secuencia dos traballos realizados: antes, durante e resultado final.

Unha publicación recompila os 30 anos da historia da Escola e da Real Banda de Gaitas

O libro Escola e Real Banda de Gaitas 1985-2016 recompila os 30 anos de historia deste centro formativo e agrupación musical da Deputación de Ourense, recollendo nesta publicacións os concertos e actuacións da banda, os recoñecementos, as xiras internacionais, as publicacións, a vestimenta e os instrumentos, un álbum fotográfico e unha memoria dos compoñentes da Real Banda desde 1986 ata 2017, entre outros aspectos.

A presentación desta iniciativa cultural tivo lugar no Pazo provincial, acto no que participou o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández; o director da Escola Provincial de Gaitas, Xosé Lois Foxo e o xornalista José Luís Blanco Campaña.

Rosendo Fernández dixo que esta obra é "un tratado único da

historia da Real Banda de Gaitas que constitúe a máxima expresión artística dos miles de alumnos que estudaron e estudan na Escola Provincial de Gaitas da Deputación, un meticuloso estudo das melodías e do instrumento, que os alumnos deben ir superando día a día".

Xosé Lois Foxo, quen agradeceu á Deputación "a súa sensibilidade cos valores de Galicia", explicou que a pesar de ser complicado resumir nun libro o traballo da Escola, "o labor máis importante foi educar aos nenos con base no pentagrama. Pasamos de ser unha provincia na que era necesario contratar gaiteiros de fóra, a ser unha provincia referente no mundo da gaita". A escola, no seu obxectivo de cultivar a historia da gaita, levou a cabo iniciativas máis aló do eido académico como a creación do

Museo Internacional de Cornamusas, a posta en marcha da Xuntanza Internacional de Gaiteiros, a celebración da Liga Galega de Bandas de Gaitas e Certame Celtibérico, entre outras iniciativas que conforman un labor científico, explicou Foxo.

Referente universal

"A Real Banda de Gaitas levou a nosa música por todo o mundo e sementou o orgullo de ser galegos, e conseguimos algo importante que é dignificar o concepto da gaita. Hoxe, a Real Banda de Gaitas é un referente a nivel universal", dixo Foxo, quen sinalou que este libro tamén pretende "ser un recoñecemento a esas familias que levan aos nenos para que aprendan este instrumento, porque iso é poñer en valor a nosa historia".

Durante estas tres décadas, a Real Banda de Gaitas fixo máis de



Blanco Campaña, Rosendo Fernández e Xosé Lois Foxo.

5.000 actuacións e foi recoñecida con numerosos premios en diferentes países, levando á provincia de Ourense polo mundo.

José Luís Blanco fixo un repaso pola historia da Real Banda e da Escola Provincial de Gaitas, salientando que a Real Banda de Gaitas "abrange moito máis que un conxunto musical, supón un estudo de investigación, métodos novos de ensino e perfeccionamento, construción e recupera-

ción de instrumentos, achegamento ao mundo da cornamusas, presenza ao máis alto nivel no mundo da gaita e, en suma, unha realidade que tiña como meta buscar novos vieiros para os novos gaiteiros galegos, os mellor preparados da historia".

A música durante o acto correu a cargo dunha representación da Real Banda de Gaitas, que interpretou "Cantigas de Ourense".

Miscelanea

Xantar participou na presentación da campaña turística de Ponte de Lima

Xantar participou como convidado especial na presentación da campaña turística “Em época Baixa, Ponte de Lima em Alta” para a tempada 2017/2018. Inclúe a organización de 13 eventos ata o 20 de maio de 2018. Son feiras especializadas nas potencialidades do territorio que se celebrarán en distintos fins de semana e que, en palabras do presidente da cámara municipal de Ponte de Lima, Vitor Mendes, “teñen a previsión de xerar un retorno directo na nosa economía de catro millóns de euros e atraer a máis de 300.000 visitantes”.

Durante este acto foi presentada a próxima edición de Xantar na que Ponte de Lima xa confirmou a súa participación a través dunha caseta promocional, dun restaurante e dun día dedicado. Motivos profesionais provocaron a ausencia do director de Xantar, Alejandro Rubín, neste importante acto aínda que estivo presente a través dun vídeo que se proxectou neste acto e no que

convidou os asistentes a visitar a próxima edición e fixo un repaso polos bos resultados que está a dar a intensa relación de cooperación transfronteiriça existente entre a Fundación Expourense e a Cámara Municipal de Ponte de Lima”.

Nesta presentación á que acudiron representantes institucionais, empresariais e numerosos medios de comunicación, Vitor Mendes, declarou que “a relación de cooperación transfronteiriça da Eurorrexión Norte de Portugal - Galicia é perfecta e está a ser fundamental para dinamizar o turismo de proximidade da nosa cidade. Desde que participamos en Xantar somos conscientes do importante que é organizar eventos que poñan en valor os produtos endóxeos e de excelencia do noso territorio vendo como a través deles dinamizamos a economía local; e é que participar nunha cita internacional como Xantar supuxo unha oportunidade para darnos a coñecer a nivel nacional e internacional e Ourense é nosa mellor porta de

entrada para o mercado galego, que é o mercado internacional máis próximo a nós”.

A nova campaña turística “Em época baixa, Ponte de Lima em Alta 2017/2018” ten como principal obxectivo desestacionalizar o turismo de proximidade na cidade atraendo turistas desde novembro a maio a través da organización de 13 feiras diferentes que se celebrarán durante os fins de semana. “Serán 13 feiras máis unha, xa que consideramos a Xantar como un evento común”, indicou o alcalde. E é que no seu calendario inclúen a semana de Xantar, para que nesta ocasión sexan os veciños de Ponte de Lima os que visiten Ourense. Pola súa banda, o salón internacional promocionábase en todas as accións que a cámara municipal promova relacionada coa gastronomía como son a feira do bacallau e a repostería ou a das delicias de sarrabulho.

Tendo en conta a localización estratéxica de Ponte de Lima, a vila máis antiga de Portugal, si-



Vitor Mendes, Silvia Pardo e Pablo Sousa, concelleiro de turismo de Ponte de Lima.

tuada no epicentro da Euro-Rexión Norte de Portugal- Galicia, é o destino de moitos visitantes que atopan nesta cidade unha ampla oferta turística desde a gastronomía, o viño, o patrimonio histórico e paisaxístico, o deporte, a natureza ecuestre ou o comercio tradicional.

Calendario de feiras

Estes eventos servirán para inaugurar o novo recinto feiral de Ponte de Lima e que supuxo un investimento superior aos 3,5 millóns de euros. VI Festa da Xente Miúda e Feira Infantil: 24 ao 26 de novembro. VII Feira do Ambiente e Energia: 1 a 3 de decembro. VII Festival do Bacalhau e

Doçaria: 8 a 10 de decembro. XI Verde Noivos: 6 e 7 de xaneiro de 2018. X Feira do Porco e das Delicias do Sarrabulho: 26 ao 28 de xaneiro. III Feira 100% Agrolimiano: 10 e 11 de febreiro. IV Expo Saúde e Social: 23 ao 25 de febreiro. X Feira da Caça, Pesca e Lazer: 9 ao 11 de marzo. V Feira Gastronómica a Lampreia / I Feira da Cerveja Artesanal: 23 a 25 de marzo. IV Feira dos Jardíns e Espaços Verdes: 14 e 15 de abril. II Expo Canina Internacional/ III Expo Internacional de Gatos: 28 e 29 de abril. III Festival da Carne Minhota: 11 ao 13 de maio. II Feira da Educação, Ciência e Tecnologia: 18 ao 20 de maio.

O Monte Santa Trega acolheu o IV Trail do Trega con preto de 300 participantes

A Guarda acolheu o pasado domingo, 26 de novembro, a cuarta edición da proba deportiva Trail do Trega. Preto de 300 persoas participaron na carreira pedestre e a andaina, que transcorreron polo Monte Santa Trega e a súa contorna.

Namentres as preto de 70 persoas participantes na andaina comezaron o seu percorrido ás 9:15 horas, a carreira cronometrada comezou puntualmente ás 10:00 horas, partindo da explanada do Centro Cultural.

O oienense Antonio Liébanas conseguiu percorrer os 18,5 km da proba, con preto de 1.100 metros de desnivel acumulado, en pouco menos de 1h52'14", proclamándose como campión absoluto entre os máis de 220 participantes. Poucos segundos despois, acadou a meta o vigués Alberto Iglesias (1h52'32") e, trancurridos 1h54'09" do inicio, fixoo o redon-

delado José Luis Dorado.

Na categoría feminina, conseguiron os mellores tempos a tudense María Jesús Fernández (2h32'55"), e as viguesas Elena Pérez e Isabel González, que cruzaron a liña de meta nesta orde e con poucos segundos de diferenza (2h36'35" e 2h36'54").

Tamén obtiveron recoñecemento os tres guardeses co mellor resultado. Así, Josué Moreno (2h05'34"), Antolín Martínez

(2h10'44") e Javier González (2h13'27") recibiron un trofeo da man da concelleira de Sanidade e Servizos Sociais, Teresa Vicente, e o concelleiro de Deportes e Patrimonio, Javier Crespo. María Dolores González, pola súa parte, foi a única guardesa participante (3h04'33").

Na categoría Sênior masculina (participantes de entre 18 e 34 anos) acadaron os mellores tempos David Alonso (1h55'02"), o



oiense Iván Pimentel (1h56'42") e Ángel Álvarez (2h02'42"). Na feminina, pola súa parte, obtiveron recoñecemento Natalia Sierpes (2h40'28"), Patricia Pereira (3h23'20") e Nerea González (4h02'12").

Na categoría Veteranas A (participantes de entre 35 e 44 anos), os mellores tempos foron os conseguidos por Elena Pérez, Isabel González e a viguesa Susana Álvarez (2h49'06"), namentres na categoría masculina estes coincidiron íntegramente cos gañadores absolutos da carreira.

Na categoría Veteranos B (a partir de 45 anos), os mellores

resultados foron os obtivos polo vigués Miguel Dorado (1h56'58"), o redondelano Gonzalo Rodríguez (1h58'54") e Fran Blanco (2h02'17") de Boiro, respectivamente. Na categoría feminina, pola súa parte, estas foron María Jesús Fernández, Isabel Cunha (2h38'25") procedente de Vilanova de Cerveira, e a porriñesa Irene Sobreira (2h56'03").

O evento deportivo, que transcorreu sen incidencias, foi organizado por TimeAdventure en colaboración co Concello da Guarda, a Deputación de Pontevedra e a Comunidade de Montes da Guarda.

Novas da Raia

Redacción



O Club Trega de atletismo adestra a preto de 50 deportistas en Tomiño

Levan dous anos adestrando en Tomiño, así que o seu traslado ao concello era o paso natural. O concelleiro de Deportes, Ismael Troncoso, presentou en sociedade ao Club de Atletismo Trega, que dende novembro ten a súa sede en Tomiño.

O equipo adestra nestes intres a preto de 50 atletas, 40 deles ligados á Federación Galega de Atletismo e outros dez nenos e nenas que participan no programa Xogade, unha campaña de actividade lúdico deportiva promovida pola Xunta de Galicia co que se busca promover o deporte educativo e saudable e brindarlle aos escolares a oportunidade de practicar e competir cos clubs e colexios de toda a comunidade.

Entre os membros xa federados do equipo atópanse atletas de entre 8 e 60 anos, aínda que o 75% son rapaces e rapazas e o resto son veteranos.

O club realiza as súas sesións de adestramento tanto no CEP Pedro Caselles Beltrán de Tomiño, como nas pistas de atletismo do campo de fútbol de A Carballa. O uso destas instalacións “garante que os rapaces e rapazas poden practicar este deporte sen perigo e a cuberto cando as condicións meteorolóxicas o precisan”, explicou a presidenta do club, Ariana González.

Os obxectivos do club son fomentar o atletismo entre os nenos e nenas, “que se animen a coñecelo e que se divirtan de

xeito lúdico, que descubran que o atletismo é moito máis que correr e que lle collan o gusto” para seguir practicándoo a longo prazo.

Pola súa banda, o responsable da Concellería de Deportes de Tomiño, Ismael Torrán, quixo tamén felicitar publicamente aos compoñentes do Club Trega polo gran papel desempeñado nos últimos campionatos disputados as pasadas fins de semana, como a carreira de campo a través de Soutelo, no que o equipo acadou 14 medallas (4 ouro, 3 prata e 3 bronce en categorías individuais e 4 ouro por equipos), e no Campionato Galego de Marcha, do que volveron con dous ouro e unha prata.

A.D. Avanza de O Porriño na dobre cita da copa Galicia de ciclocrós.

Una dobre cita lles agardaba a pasada fin de semana os ciclistas que se disputan nestes últimos meses do ano a Copa Galicia de Ciclocrós. Na quenda do sábado a competición de ciclocrós desprazábase ata o Val Miñor onde A praia de Eiras no concello de O Rosal convertíase no escenario da 5ª proba da copa Galicia a XX TROFEO MONTES DE EIRAS DE CICLOCROS, presentando un terreo rompedor que espremeu o máximo as forzas dos ciclistas o ter que facer fronte a un terreo areoso e con bastantes desniveis de terreo. A xornada de competición comezaba coa categoría de promocións onde os integrantes da A.D. Avanza de O Porriño tinguíu coas súas cores o conseguir os catro integrantes da agrupación entrar entre os seis primeiros postos: Andrés Valverde 2º, Hugo Martínez 3º, Uxía Soto 4º primeira en féminas e Iker Otero 6º. Na categoría cadete xa de carácter de competición oficial os integrantes Avanza dos tres integrantes

que participaban nesta categoría remataban entre os dez primeiros postos; Xael Montes 4º, David Fernández 8º e Sergio Lorenzo 13ª. Na categoría Elite o Luís Fernández Oliveira “Oli”, a pesar dunha caída na saída puido rematar en 6ª posición.

Na quenda do domingo a Copa de Galicia de Ciclocrós desprazouse ata o concello pontevedrés de Poio onde tiña lugar I CICLOCROS POIO MOVESE, 6ª proba do calendario. Nesta xornada tamén quixeron estar presentes os integrantes Avanza onde na categoría de promoción corrían peor sorte que o día anterior pero conseguindo entrar entre os dez primeiros: Andrés Valverde 4º, Hugo Martínez 5º, Uxía Soto 6ª primeira fémica e Iker Otero 8º. Na categoría Cadete Xael Montes conseguiu rematar en 5ª posición despois de varios atrancos no transcurso da proba, David Fernández 7ª e Sergio Lorenzo remataba na décimo terceira posición. Xa na categoría Elite Oli remataba en sexta posición.



Nova medalla para o púxil mosense Juan Rivera

O fin de semana do 27 tivo lugar no Multiusos do Sar, en Santiago de Compostela, o Campionato de España de Clubes de Kick Boxing e o púxil mosense de 21 anos, Juan Rivera, conseguiu unha medalla de bronce, na modalidade de Full Contact, ao perder en semifinais co gran Alejandro Rodríguez Pereira (Gijón), púxil con máis de 130 pelexas ás súas costas entre amateur e profesional.

Aínda así a Rodríguez Pereira

non lle foi tarefa fácil gañarlle ao púxil mosense que con tan só 10 pelexas amateur conseguiu poñer en apertos ao de Gijón, dando vencedor a este aos puntos por decisión dividida.

O seu adestrador, Juan Alonso do Club Kick Boxing Mos, destaca a valentía do seu pupilo e o seu afán de superación.

Juan Rivera Gómez gañou en 2016 o Campionato Galego de Kick Boxing e xa se erixira subcampión no Campionato Galego

de Kick Boxing Clase B en 2015. Este ano 2017 proclamouse Campión Galego de Full Contact (Clase A) o 18 de marzo no Pavillón dos Remedios de Ourense, onde pelexou a final directa; e medalla de bronce no Campionato de España de Full Contact, que se celebrou os días 24 e 25 de xuño, no Corredoira Arena de Oviedo.

Rivera forma parte da Selección Galega a quen representou no Campionato de España.



Juan Rivera adestra co seu equipo, o Club Kick Boxing Mos, no Pavillón Óscar Pereiro tódolos luns e mércores de oito a nove da tarde. A onde se poden dirixir

todas as persoas interesadas nestes deportes de contacto que desexen practicalos e unirse ao Club (tamén poden contactar telefónicamente no 615964065).

Novas da Raia

Instalados depósitos provisorios de auga en vivendas afectadas polo lindano

Tal e como se comprometera a alcaldesa, Eva García de la Torre, o pasado día 17, durante a xuntanza que mantivera no salón de Plenos do Concello con veciñas e veciños do Contrasto, xunto con técnicos da Xunta de Galicia, xa están instalados os depósitos de auga a aquelas familias que non teñen mais subministro de auga que o procedente dos seus pozos.

En total, o Concello colocou 14 depósitos, de 1.000 litros e un motor en 8 casas, para bombear a auga que se utilizará para a hixiene persoal e o lavado da louza e da roupa.

Os depósitos foron debidamente hixienizados, seguindo as instrucións de dous inspectores de Sanidade que analizaron os mesmos e certificaron a súa adecuación para conter a auga e xa están a ser empregados polas familias afectadas que, do mesmo xeito, seguen a recibir as ga-

rrafas de auga para coñecer e beber, que so teñen que pedir ao supermercado, sen custo algún para elas.

Estes depósitos son, coma salientou a alcaldesa, unha “solución provisoria” para atender as necesidades máis urxentes das persoas que carecen de conexión coa rede municipal de abastecemento e, por tanto, so dispoñen de auga do pozo. Nas vindeiras semanas está previsto contar cun proxecto que permita conectar estas vivendas coa rede municipal de abastecemento, de xeito que todas elas reciban, “no menor prazo de tempo”, a auga da traída.

A alcaldesa sinalara naquela xuntanza que a auga da traída podía usarse con garantía, logo de que as repetidas análises realizadas á mesma por técnicos da Consellería de Sanidade deran re-



sultados negativos a contaminación por lindano.

Así mesmo, García de la Torre comprometérase a ter informados, ao instante, aos veciños do Contrasto, algo que se fixo puntualmente logo de que o venres día 24 a Consellería de Sanidade comunicase ao Concello que había 6 pozos máis que deran positivo en contaminación por lindano.

Dende o Concello puxéronse en contacto cos seus donos para comunicarlles este

feito e comprobouse que 4 destas familias non consumen a auga do pozo porque teñen conexión coa traída; a outra delas xa se lle dispuxeron os depósitos con auga para que teña garantido o subministro de emerxencia, e non foi posible contactar, aínda, cos donos da outra casa posto que non residen habitualmente na mesma. A Policía Local segue a facer as xestións para localizalos e comunicarlles os resultados das análises.

0 Porriño aforrará 51.000 € ao ano trala substitución de luminaria nos polígonos

O aforro anual en subministro de electricidade que acadarán as veciñas e veciños será de 51.430€, logo da substitución das instalacións de alumado nos polígonos industriais do Porriño levada a cabo polo Goberno local a través da Consellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera.

Os traballos de substitución das lámpadas de vapor de sodio de 150 e 250 W, xa obsoletas e enerxéticamente insuficientes, por luminarias de tecnoloxía LED de 40 e 60W, non so suporán un “importantísimo aforro enerxético, senón que cumprirán cunha das premisas que nos fixamos ao comezo do mandato: a redución das emisións de CO2 á atmosfera”, sinala Manuel Carrera, que superarán os 70.000 quilos de dióxido de carbono anuais.

En total, e por medio dunha subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, dentro do Plan de Habilitación e Mellora de Infraestruturas dos Parques Empresariais de Galicia, substituíronse 370 focos no Polígono de



As Gándaras, o PPI6 e PPI7 instalando non so luminarias re-programadas sen fío demand, senón incorporando ás mesmas de programadores dotados de reloxos astronómicos, que permiten un aforro adicional de enerxía.

Os novos focos teñen unha vida útil,

media, de 60.000, un custo mínimo en mantemento, ofrecen un alumado de 110 lumens por watt, “mantendo os niveis de luminosidade nesta zona tan transitada”, e permiten que a inversión feita na súa colocación estea amortizada nun período de 2 anos e medio.

Salvaterra arrecende a Nadal

Un ano mais o Concello de Salvaterra de Miño presenta a súa programación de Nadal, e como é normal, está centrada especialmente nos máis cativos da casa, xa que son eles os que viven con mais intensidade estas datas, pero sen esquecer os non tan pequenos.

Arrancamos cun OBRADOIRO DE DECORA O NADAL para adultos, do 11 ao 14 de decembro. Pontenova realizará o seu tradicional Festival de Nadal o venres 15, e o domingo 17 terá lugar o Concerto de Nadal do Coro Lacedurium.

A seguinte semana, do 18 ao 20, será o momento da cociña co OBRADOIRO DE COCIÑA EN NADAL para adultos. A partir do 22 ata o 4 de xaneiro comeza o CAMPAMENTO INFANTIL DE NADAL.

O 23 e 24 todos aqueles que se achen a Salvaterra poderán desfrutar dun viaxe gratuíto no Tren “CHUCHU” con visita pola Eurocidade Salvaterra – Monção.

E o nadal tamén é a data escollida polos BOLECHAS para achegarse a Salvaterra de Miño a presentar o seu libro “Salvaterra de Miño Vila Milenaria”, o sábado 23 ás 16.30h. E pola noite, ás 21.00h terá lugar o Conceto de Nadal da Banda de Música de Salvaterra.

Na tarde do 24 será PAPÁ NOEL o que nos visitará, ás 16.00h chegará en barco polo Miño ao embarcadorio e fará un percorrido polas rúas da Vila, para ás 17 h recibir aos cativos na Praza do Concello.

OBRADOIRO XUVENIL DE COCIÑA EN NADAL e de DECORA O NADAL para os días 26, 27 e 28 de decembro.

Do 26 ao 29 faremos un regreso ao pasado co OBRADOIRO DE CREAMENTO DE XOGOS TRADICIONAIS, un obradoiro para facer en familia.

O 30 de decembro SAN SILVESTRE SOLIDARIA de Salvaterra a Monção.

Concerto de Nadal do Coro Cantemos o sábado 30 de decembro, e o martes 2 de xaneiro CINE INFANTIL.

Pecha a programación coa tradicional CABALGATA DE REIS o venres 5 de xaneiro a partir das 16.00h. As súas Maxestades chegarán a Salvaterra dende a Ponte Internacional e recibirán aos máis cativos na Praza do Concello.

As actividades son totalmente gratuítas, para empadroados, e as prazas son limitadas. O prazo de inscrición ábrese a partires do 1 de decembro.



A portuguesa Fátima Teles, gañadora da XII Bienal de Pintura Eixo Atlántico

A exposición da XII Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2017-2018 chegou ao Barco de Valdeorras en novembro e en decembro será exhibida en Viana do Castelo. O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, participou na inauguración da exposición, onde puxo de relevo “o papel central da cultura para a construción e o desenvolvemento desta Eurorrexión e do seu sistema urbano”. Aclarou Lorenzo que esta non é unha realidade nova, xa que “temos na lírica galego-portuguesa unha testemuña clara desta longa historia cultural conxunta, hoxe máis cerca que nunca grazas á presenza do Pergamiño Vindel en Galicia”.

Un total de 29 traballos inéditos de creadores e creadoras galegos e portugueses, seleccionados entre máis de 120 traballos admitidos a concurso, conforman a exposición itinerante da bienal, promovida polo Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular co apoio da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia.

Anxo Lorenzo estivo acompañado da presidenta do Xurado, Paula Tavares, o presidente do Eixo Atlántico, Ricardo Río, o al-



A exposición estivo aberta na sala da Praza do Príncipe do Barco.

calde de do Barco de Valdeorras e vicepresidente do Eixo, Alfredo García e a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez. Esta última sinalou a importancia deste certame para poñer en valor o talento da xente nova. Así mesmo, subliñou que este tipo de eventos constitúen un apoio institucional necesario para que a mocidade poida desenvolver os seus valores, capacidades e habilidades, ao mesmo tempo que se fomenta a creatividade.

A obra Série 0, Descontruindo, de Fátima Teles foi a obra gañadora do primeiro premio da bienal de 2017-2018. Esta artista merecera xa unha mención especial na

edición anterior do concurso. O segundo premio foi para os traballos Two Big Women, de Marco Macedo, na categoría de autor portugués, e, na de autor galego, América, de Xosé Luís Carreira López. O premio de novos talentos recaeu en Fragmentos de Memória, do brasileiro Fábio Araújo.

A bienal, organizada polo Eixo Atlántico xunto coa Fundação da Juventude (FJ) de Portugal e co apoio da Secretaría Xeral de Cultura é a única exposición itinerante entre dous países da Unión Europea e ten como principal obxectivo favorecer un espazo de promoción e intercambio de novos creadores e creadoras da Eurorrexión.

A figura de Antón Alonso Ríos chega a Silleda

A Casa da Cultura silledense acolle ata o 14 de decembro a exposición sobre a historia deste persoeiro organizada polo concello de Tomiño

A vida e obra de Antón Alonso Ríos percorre Galicia. A Casa da Cultura de Silleda acolle dende este venres 24 de novembro a completa exposición sobre o percorrido vital deste persoeiro e as súas achegas no ámbito da educación e da política, organizada polo Concello de Tomiño e cedida a outros municipios para dar a coñecer esta figura fundamental da historia do municipio, do Baixo Miño e de Galicia no campo do ensino e da política no movemento agrarista durante a II República.

Deste xeito a mostra chega á vila de nacemento de Alonso Ríos e nela o público atoparase, entre outros elementos, coa recreación dun aula co mobiliario e instrumental que se empregada nas escolas nos anos 30 do século pasado, época na que este persoeiro exerceu como profesor.


Alonso Ríos naceu en Silleda en 1887 no seo dunha familia labrega. Mostrou sempre un grande interese polo ensino e, a pesares do seu orixe humilde, acabou cursando maxisterio da man dun dos académicos máis destacados da época, Víctor Fraiz Andión. Continuou coa súa vocación educativa en Arxentina, onde emigrou e comezou a súa actividade arredor do asociacionismo galego na emigración e do movemento agrarista.

Xa de volta en Galicia, foi director da escola da emigración ‘Aurora do Porvenir’, en Tomiño. Os seus métodos innovadores no ámbito do ensino, baseados na aprendizaxe

a través da experiencia e do aprender facendo, fixeron que a reputación da escola e do seu traballo traspasara fronteiras e foran coñecidos en outros puntos de Europa, convertido a ‘Aurora do Porvenir’ nunha escola de vangarda no ensino rural.

No eido político, Antón Alonso Ríos destaca polo seu tesón no impulso dun modelo de desenvolvemento e transformación do rural a través do ensino orientado ao agro e polo seu discurso do impulso da igualdade social nun rural próspero, o que o levou a formar parte das Cortes de 1936 como deputado.

O golpe militar e a Guerra Civil acabaron comprometendo a súa vida, e o profesor estivo durante máis de dous anos percorrendo toda Galicia facéndose pasar por un esmoileiro portugués, ata que chegou a Portugal e de aí volveu emigrar a Bos Aires. Faleceu en 1980 como máximo representante do Consello de Galicia e, na actualidade, a súa obra literaria sobre educación e política é estudada por historiadores e profesionais da educación.



Mistura Vocal gaña o Certamen Villa de Avilés

O coro Mistura Vocal, formado por cantores da zona sur da provincia de Pontevedra e dirixido pola tudense Aloia Martínez, ven de acadar nesta fin de semana o Primeiro Premio, no XXXIV Certamen Internacional Villa de Avilés. Tamén acadou o Premio Axuntabense que otorga Fecora á mellor interpretación de obra asturiana e o Premio do Público,

concedido mediante o voto do público asistente.

O repertorio interpretado incluía a obra Cantigas Galegas, de Julio Domínguez, así como Aritz Adarean, de Julen Ezkurra, El baile del cura, de Jesús Gavito e Cantate Domino de Josu Elberdin.

Suma estes galardóns ós acadados en outubro en Burgos, Primeiro Premio e Premio do Público.



Novas da Raia

Redección PORTUGAL

Viana do Castelo recebe II Encontros de Investidores da Diáspora

Viana do Castelo vai receber, dias 15 e 16 de Dezembro, o II Encontro de Investidores da Diáspora, no Forte de Santiago da Barra, numa iniciativa conjunta da Secretaria de Estado das Comunidades Portuguesas/Gabinete de Apoio ao Investidor da Diáspora (GAID) e da Câmara Municipal de Viana do Castelo. Em conferência de imprensa ontem, o secretário de Estado revelou que estarão presentes 14 membros do governo e mais de vinte entidades responsáveis pelo investimento em Portugal.

A iniciativa, que visa promover a dinamização do tecido empresarial da diáspora portuguesa e do seu duplo potencial, enquanto origem de fluxos de investimento e destino de iniciativas de diversificação de mercados por parte de empresários portugueses, ao nível das micro e pequenas empresas, pretende ir ao encontro das preocupações, questões e interesses concretos dos participantes, facultando-lhes o acesso a conhecimentos e informação em áreas-chave para os seus negócios, nomeadamente no plano dos mecanismos institucionais de apoio ao investimento em Portugal (estando para o efeito presentes representantes das relevantes instituições e instrumentos de apoio ao investimento ou ligados às áreas funcionais que lhe estão mais diretamente associadas), facilitando-lhes o estabelecimento de redes de contacto com entidades importantes para as suas atividades económicas e também com outros investidores, proporcionando-lhes o espaço para possíveis oportunidades de negócios ou parcerias e oferecendo-lhes uma plataforma privilegiada para o diálogo, o debate, a partilha de experiências e boas práticas, e o esclarecimento de dúvidas em tempo real. Ao mesmo tempo, procura-se contribuir para for-



talear um sentimento identitário comum entre os empresários portugueses pelo mundo, independentemente dos países onde estão estabelecidos e das realidades e contextos específicos em que se inserem.

O programa do evento, que será oficialmente aberto pelos Senhores Ministro dos Negócios Estrangeiros, Ministro da Economia, Secretário de Estado das Comunidades Portuguesas e Presidente da Câmara de Viana do Castelo, foi concebido em torno de painéis dedicados a áreas temáticas úteis e apelativas aos investidores portugueses e lusodescendentes presentes. Três painéis institucionais incidirão, respetivamente, sobre (1) oportunidades, instituições e instrumentos de apoio ao investimento; (2) modelos de associação e participação em rede, com enfoque nas Universidades, Câmaras de Comércio e Indústria portuguesas no estrangeiro e outras formas de associativismo empresarial da diáspora; e (3) o papel das autarquias, regiões, cooperação regional e transfronteiriça. Estes painéis temáticos serão lançados por membros do Governo e neles participarão oradores representando tutelas, instituições e entidades nacionais relevantes nas áreas do investimento e empreendedorismo com origem ou destino na Diáspora, que apresentarão, apoiados por moderadores de órgãos da comunicação social, informação e experiências úteis e importantes, a que se seguirá a abertura do debate à

audiência, para esclarecimento de dúvidas e recolha de sugestões. Dois painéis adicionais proporcionarão a apresentação de iniciativas e casos concretos de empreendedorismo da diáspora.

Será também valorizada a vertente dos contactos e do estabelecimento de redes ("networking"), com a instalação de "mini-stands" informativos, e um programa de eventos promocionais e de convívio à margem do Encontro.

Quanto à participação, todos os interessados – agentes económicos, empresariais ou outros, no exterior ou no País – podem inscrever-se no evento, sem encargos financeiros de inscrição. Prevê-se um bom nível de participação, em qualidade e em número, de múltiplos países, áreas de atividade económica e patamares institucionais: empresários e investidores, representantes de Municípios, Câmaras de Comércio, Universidades, comunicação social, assim como entidades responsáveis, no plano nacional, pela gestão das matérias prioritárias para os interessados em investir em Portugal ou em procurar novos destinos de negócio.

Existem já 220 inscrições, mas estas poder ser feitas através de mensagem dirigida ao Gabinete de Apoio ao Investidor da Diáspora (GAID), para o endereço de correio eletrónico gaid@mne.gov.pt. Da mensagem deverão constar nome, contactos telefónicos e eletrónicos e breve informação de empresa.

O futuro é verde

Conferência Internacional de Vias Verdes decorreu no Cine Teatro João Verde, em Monção

As vias verdes são espaços de desporto e lazer que fomentam a oferta turística e constituem uma fonte de riqueza para as populações locais, assumindo-se como uma forma saudável de encarar o quotidiano. Em cada ano que passa, ganham-se milhares de praticantes em todo o mundo.

A capacidade de cada corredor verde em atrair público depende da envolvência natural/patrimonial e da facilidade de acesso disponível, bem como do trabalho concertado e promoção estruturada todos os agentes da região onde estão inseridos.

Esta a principal conclusão saída da Conferência Internacional de Vias Verdes que decorreu no Cine Teatro João Verde, em Monção, contando com palestrantes nacionais e estrangeiros. Entre estes, Mercedes Muñoz, diretora da Associação Europeia de Vias Verdes, e Antonis Christopoulos, da Agência para Pequenas e Médias Empresas, da Comissão Europeia.

Presente na sessão de abertura, o autarca local, António Barbosa, após ter dado as boas vindas aos conferencistas presen-

tes, comparou as vias verdes a uma "sinergia perfeita" entre "a preservação da natureza e a criação de condições de fruição para o público".

Algo que, adiantou, pretende expandir no concelho. "Este conceito vai ser seguido pelo actual executivo. Queremos criar condições efetivas à população, que gerem qualidade de vida, conforto e bem-estar, sem descaracterizar a nossa identidade coletiva e as características do nosso território".

Ao longo do dia, foram abordados vários painéis relacionados com a importância das vias verdes na criação de um turismo sustentado na Europa, o papel aglutinador do projecto Greenways4all, e boas práticas nas vias verdes como oportunidade para a cooperação internacional.

Outras temáticas debatidas relacionaram-se com a promoção das vias verdes enquanto produtos turísticos de excelência, tendo sido apresentados ao público alguns exemplos práticos de corredores verdes na Europa. No final, para descomprimir, uma caminhada pela Ecopista do Rio Minho.



PRESS TRIP NAS MONTANHAS MÁGICAS

À descoberta da Rota da Água e da Pedra (RAP) - 15, 16 e 17 de dezembro.
Municípios: Arouca, Castelo de Paiva, Cinfães e Vale de Cambra (região Norte)
Organizado por PUNTO E NORTE

As Montanhas Mágicas® localizam-se no centro/norte de Portugal, entre os rios Douro e Vouga, abrangendo as serras da Freita, Arada e Arestal, pertencentes ao maciço da Gralheira, e a serra do Montemuro, pertencente ao maciço com o mesmo nome.

Território de excecionais valores naturais, certificado como destino turístico sustentável, desde novembro de 2013, as Montanhas Mágicas® englobam quatro sítios da Rede Natura 2000 e um geoparque da UNESCO, pautando-se pela oferta de um mo-

Rota da Água e da Pedra das Montanhas Mágicas

A Rota da Água e da Pedra® (RAP) é uma rota que se diferencia por valorizar elementos do património natural e cultural ligados à água e à pedra. Cascatas, rios, gravuras pré-históricas, turfeiras, antigas minas, dolmens, fragas, fósseis, fenómenos geológicos, vales e livrarias quartzíticas são alguns dos motivos para descobrir num território de paisagens deslumbrantes, com vales e serras talhados por milhões de anos de erosão. Homem e natureza operaram em harmonia por estas para-

Demarcada dos Vinhos Verdes, no noroeste de Portugal. O seu sabor e qualidade têm vindo a melhorar, de ano para ano, recebendo inúmeros prémios e distinções.

11h00: Aldeia de Trebilhadouro. Visita à aldeia. Ponto da RAP: F1 - Gravuras de Trebilhadouro (cerca de 950m a pé)

Esta aldeia, classificada como "Aldeia de Portugal", mantém a tradicional casa rural portuguesa em pedra granítica. Na envolvente da aldeia, foram descobertas gravuras rupestres de arte atlântica.

<http://montanhasmagicas.pt/o-que-fazer/historia-arte-e-cultura/aldeias-tradicionais/aldeia-de-trebilhadouro/>

12h30: Aldeia da Felgueira. Almoço. Ponto da RAP: F8 - Falha da Felgueira-Preguinho

Aldeia da Felgueira

14h30: Serra da Freita. Pontos da RAP: F6 - Pedras Parideiras e C7 - Frecha da Mizarela.

A Frecha da Mizarela, geossítio do Arouca Geopark, é considerada a maior queda de água de Portugal continental, com as águas do Caima a despenharem-se de mais de 60 metros de altura.

<http://rota-ap.pt/linha/caima/ponto/c7-frecha-da-mizarela>

16h30: prova de produtos locais no restaurante Casa no Campo
18h00: check-in na Quinta do Pomar Maior e na Quinta de Anteronde

<http://montanhasmagicas.pt/onde-ficar/turismo-no-espaco-rural/agroturismo/quinta-do-pomar-maior/>

19h30: jantar no Restaurante Parlamento (centro de Arouca)



Passadiços do Paiva

delo turístico responsável e sustentável, focado no ecoturismo, no geoturismo e no turismo ativo. A singularidade dos fenómenos geológicos que aqui ocorrem, a notável biodiversidade que alberga, e as particularidades da sua geomorfologia, fazem das Montanhas Mágicas® um destino de excelência para a observação e interpretação da natureza e para a realização de inúmeras atividades de desporto e aventura, entre as quais se destacam o rafting, o kayaking, a canoagem, o canyoning, o pedestrianismo e o BTT.

Ocupado desde tempos pré-históricos, por todo o território são visíveis vestígios arqueológicos e monumentos que testemunham a sua longa história: enigmáticas gravuras rupestres de arte atlântica, monumentos megalíticos, pontes e vias romanas, mosteiros e templos medievais, santuários e igrejas de toda a feição, aldeias típicas de xisto e granito, minas históricas e muito mais.

+info: www.montanhasmagicas.pt

gens, com as aldeias, socacos e levadas a moldarem a paisagem, transformando esta região numa das mais belas de Portugal, com uma biodiversidade excepcional refletida na extensa área de rede natura que aqui foi designada pela Europa.

A descoberta das Montanhas Mágicas® é feita através de uma espécie de linha de metro, com paragens constituídas por locais a visitar, na imensidão das serranias compreendidas entre o Douro e o Vouga.

+info: <http://rota-ap.pt/>


PROGRAMA

1º Dia - Serra da Freita

15 de dezembro (sexta-feira)
Manhã (Vale de Cambra)

10h30: receção na Loja Interativa de Turismo de Vale de Cambra. Verde de Honra e contacto com representantes da oferta turística local

Com Denominação de Origem Controlada (DOC), os Vinhos Verdes são únicos no mundo, exclusivamente produzidos na Região



2º Dia: Vale do Paiva, Serra do Montemuro e Vale do Bestança

16 de dezembro (sábado)

Manhã (Arouca e Cinfães)

10h00: Passadiços do Paiva. Ponto da RAP: P7 - Cascata das Aguieiras (cerca de 950m a pé - escadaria dos Passadiços)

Localizados no município de Arouca, os Passadiços do Paiva proporcionam um passeio inesquecível pelo vale do rio Paiva, um dos rios menos poluídos da Europa e um dos mais procurados, em Portugal, para a prática de desportos de águas bravas.

A cascata das Aguieiras origina-se a partir da queda de água da ribeira das Aguieiras que, após percorrer Alvarenga, cai vertiginosamente sobre as escarpas que ladeiam o rio Paiva, ultrapassando um desnível de mais de 100 metros em sucessivas quedas de água.

12h30: Aldeia da Gralheira - Serra do Montemuro. Ponto da RAP: M10 - Gralheira

13h00: almoço na aldeia no Restaurante Recantos dos Carvalhos Tarde (Cinfães)

14h30: Vale do Bestança. Pontos da RAP: B7 - Vale de Fratura do Bestança; B6 - Eiras da Laje; B5 - Fragas da Penavilheira (o último, cerca de 950m a pé pelo vale)

O vale de fratura do Bestança situa-se numa região cuja geomorfologia foi fortemente condicionada pela tectónica varisca, responsável pela formação de diversas falhas no território das Montanhas Mágicas®. A falha

tectónica do vale de fratura do Bestança é de tal dimensão que condicionou a orientação deste vale, e chegou mesmo a mudar a trajetória do rio Douro nas suas imediações

16h30: Centro de Interpretação Ambiental do Vale do Bestança

É um espaço de excelência destinado à valorização do património natural e cultural do rio e vale do Bestança. É complementado pela oferta de uma rede de percursos pedestres em calçada, e uma rede BTT servida por dois centros com apoio e manutenção para bicicletas.

17h30: Porto Antigo (Ponto da RAP - B2). Acolhimento e check-in no Douro Hotel Porto Antigo

19h30: Jantar no Restaurante Serpa Pinto (Douro Hotel Porto Antigo)

3º Dia: Vale do Douro

17 de dezembro (domingo)

Manhã (Cinfães e Castelo de Paiva)

09h30: visita interpretada ao Ponto da RAP - D14 - Galerias da Barragem do Carrapatelo

11h30: visita interpretada à Ilha dos Amores (ponto da RAP D11) (opção em caso de condições climatéricas adversas: visita à Coppercrafts®)

A Ilha dos Amores está enquadrada numa paisagem única, entre o maior rio da Península Ibérica, o Douro, e um dos mais limpos e selvagens: o rio Paiva. Esta bela paisagem esconde uma grande diversidade biológica. Com influência marcadamente atlântica, aqui podemos observar muitas espécies da flora autóctone portuguesa, como os belos carvalhos-alvarinho, que abundam nas zonas mais húmidas de Portugal, e o sobreiro, árvore enigmática que domina nas encostas do Douro. Junto à água, o amieiro, o freixo, o lódão-bastardo ou o feto-real embelezam as galerias ribeirinhas

13h00: almoço no Restaurante D. Amélia.

15h00: visita à Casa de Payva (com prova de vinhos e produtos locais) e à Feira Agrícola de Natal.

16h30: fim da visita



Frecha da Mizarela

Novas da Raia

0 Mar de Vigo acolle unha retransmisión sobre as Cantigas do Pergamiño Vindel

Alumnos galegos e portugueses realizaron o 16 de novembro, Día Mundial do Patrimonio, dúas horas de “radiovisual” (termo acuñado por Ponte nas ondas! para denominar as emisión de radio e vídeo) con motivo da presenza do Pergamiño Vindel en Vigo.

A emisión foi realizada a través do portal web, onde está disponible o video completo, www.escolasnasondas.com e da web www.pontenasondas.org mediante Facebook Live.

As 11.05 hs. da mañá, o son das ondas do mar de Vigo e a voz da brasileira Socorro Lira abrían unha programación que escolares de Galicia e de Portugal elaboraron para ser emitida desde o Museo do Mar de Galicia. O seu director, Vicente Caramés foi o primeiro convidado en ser abordado por Verónica e Beatriz. Caramés destacou que un grande número de centros educativos portugueses visitan habitualmente o museo e tamén que “a presenza do Vindel é unha mostra da cultura común entre Galicia e o Norte de Portugal.

Os novos xogares do grupo Primordiais comezaban a interpretación en directo de “quantas sabedes amar amigo”, a letra de Martín Códax recreada á arpa por Luís Martínez e na voz de Marcelo do Bode.

E despois da música, a voz da profesora da Universidade de Vigo, Camiño Noia, respondeu ás preguntas sobre o papel das mulleres na Idade Media. A profesora manifestou que “o que nos transmitiron por escrito os trobadores e xogares xa estaba presente na lírica popular”.

Outro traballo no que participou Camiño Noia foi o proxecto

Cores do Atlántico que desenvolveu Ponte...nas ondas! en Galicia e no Norte de Portugal. A cantiga “Ondas do mar de Vigo” no concerto celebrado na Illa de San Simón emitíuse nas voces de Socorro Lira, Uxía, Joao Afonso, Margareth Menezes e Xoán Curiel.

O seguinte convidado, Cipriano Jiménez, do grupo Perenza, detallou cales foron as negociacións coa Morgan Library de Nova York para que o pergamiño puidera vir a Vigo. Cipriano Jiménez afirmou que “a presenza do pergamiño Vindel en Vigo está tendo un gran impacto en toda Galicia” e remarcou que “este



momento histórico debe quedar reflectido en programas como este de Ponte...na ondas!”.

O recitado das cantigas de Martín Códax tamén tivo presenza nas voces de Raquel Beneyto e de Rafaela Matins, acompañadas polo son da arpa.

Tamén se emitíu un videoclip da versión que o músico brasileiro Chico Buarque coa cantiga nº 5 (Quantas sabedes amar amigo) para o ballet Sem Mim de Belo Horizonte en Minas Gerais ou a versión da cantiga 6 (E no sagrado em Vigo) do Ensemble RNH de Chequia.

O profesor da Universidade de

Vigo, Xosé Henrique Costas, foi entrevistado por Pedro e Tiago quen lle preguntaron polo proxecto de levar as cantigas de Martín Códax a 55 idiomas. Henrique Costas achegou a gravación en maorí das cantigas e tamén a versión no inglés de Alaska. Tamén destacou que “ Martín Códax é o autor galego que ten a súa obra completa traducida a máis idiomas”.

A música de Primordias puxo remate a dúas horas de retransmisión en directo desde o Mar de Vigo realizada por alumnado galego e portugués de Ponte...nas ondas!

V Carreira do Pavo nas Neves o 24 de decembro

Asociación Cultural e Deportiva Sanomedio e o Concello das Neves presentaron a 5ª edición da carreira popular e solidaria do Pavo nas Neves. O vindeiro 24 de decembro na tarde previa a noiteboa pequenos e maiores disputarán esta proba deportiva polas rúas das Neves.

Esta carreira xunta a parte competitiva, a familiar ou veciñal e a solidaria. Hai participantes que compiten por gañar a proba, outros participan de xeito festivo e todos o fan de xeito solidario,

porque cada corredor ou corredora debe entregar alomenos un quilo de alimentos non perecedeiros que será donado a servizos sociais do concello.

Na presentación, amais de membros do clube ACD Sanomedio e o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Deportes Oscar González estiveron corredores e gañadores da edición de 2016, o gañador absoluto Óscar Bernárdez Carballo, o gañador local Juan Ramón Lira Fernández, a gañadora local Ana Isabel Domínguez Álvarez e o corredor e colaborador Bernardo Durán.



Presentación de Erótica... Dos



Osábado 11 de Novembro, fomos testigos da presentación do libro ERÓTICA...Dos do escritor guardés Francisco Alvarez Koki. A presentación levouse a cabo, na cafetería do Marco, onde durante todo ano ten unha actividade cultural importante tanto de exposicións como de presentacións de libros. As oito da noite o recoñecido periodista Fernando Franco, fixo

unha viaxe pola vida e obra do autor. Despois o poeta leu parte da antoloxía Erótica...Dos, facendo unha viaxe poética polos catro libros que compoñen a antoloxía. Tres que xa se publicaran individualmente e un cuarto libro inédito. Como podemos ollar nas fotos tanto o presentador, como o poeta, como o público asistente, pasou unha noite poética entretida.

Redacción

“II Xornadas de outono: cultura do viño e literatura”



Xabier Castro en plena exposición, compartindo mesa con Ramón Jiménez y Cristina Alcalá

Literatura e enoloxía déronse hoxe a man na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia nas “II XORNADAS DE OUTONO: CULTURA DO VIÑO E LITERATURA”, coordinadas polo historiador e profesor Xabier Castro e nas que se ofreceu un espectáculo multimedia que incluíu documentais, vídeos musicais, a conferencia “Carlos Casares, Otero Pedrayo e o viño do Ribeiro”, así como a presentación dunha edición especial do viño do Ribeiro etiquetado ex profeso para esta conmemoración literarioenolóxica da que se sortearon seis botellas entre o máis de medio centenar de persoas que acudiron á institución galega.

A presentación correu a cargo do coordinador de Actividades, Ramón Jiménez, -quen o fixo en nome do delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega-, e no acto, promovido polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro, interviñeron o profesor e especialista na historia do viño Xabier Castro, e a socióloga, experta en enoloxía e xerente do Consello Regulador da D. O. Ribeiro, Cristina Alcalá.

Jiménez explicou que esta é unha proposta enocultural cun carácter interdisciplinar e que consiste na celebración en varias cidades galegas, así como en Madrid e Barcelona conferencias multimedia, como a do pasado día 8 de novembro no café Vitruvia de Vigo, antigamente Café Alameda, onde Carlos Casares celebraba o seu faladoiro coa xente da editorial Galaxia.

O profesor Xabier Castro ex-

puxo a importancia do viño do Ribeiro na peripecia vital e na obra dos escritores Carlos Casares e Otero Pedrayo, intercalando na súa exposición o visionado de fragmentos de documentais e tamén cancións relacionadas con ambos escritores. Ademais comentou aspectos históricos da cultura do viño do Ribeiro, ilustrados con cancións do folclore popular. “O viño para os galegos é outro pan”, dixo citando a Otero Pedrayo, mentres que de Casares lembrou que pasou parte da súa infancia en Beiro, na casa dun tío crego, onde coñeceu o mundo do viño que logo glosaría na súa prosa.

Pola súa banda, Cristina Alcalá, considerada como unha das trece mulleres máis relevantes do mundo do viño en España, referiuse á situación actual e as perspectivas de futuro do viño do Ribeiro, establecidas polo seu Consello Regulador, que definiu como “mosaico da diversidade”, dado que na zona conflúen circunstancias moi particulares como o minifundismo nos tres vales que forman os tres ríos Arnoia, Miño e Avia; as só 2500 hectáreas de extensión que albergan a máis de 5000 agricultores e 115 adegas. As cepas cóidanse unha a unha e son de 15 variedades, todas elas autóctonas, polo que o Ribeiro é un produto de moitas mesturas e con frecuencia diferentes uns doutros.

A D.O. Ribeiro é unha das máis antigas e prestixiosas de España, e unha das marcas que mellor encarnan a representación da identidade simbólica de Galicia.

A Casa de Galicia en Madrid presenta a novela "El émulo de Reginald Perrin de Marcelino Fernández Mallo

A Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia acolleu esta tarde a presentación da novela “El émulo de Reginald Perrin”, de Marcelino Fernández Mallo, publicada pola Editorial Dauro, segunda obra en castelán do escritor e economista coruñés, (publicou tres en galego), narrada a modo de diario, na que relata o ascenso e caída de Camilo, un home no poder e que tanto pola súa situación como pola súa contorna parecía invulnerable.

A presentación do acto realizouuna o coordinador de Actividades Culturais da Casa de Galicia, Ramón Jiménez, quen o fixo en nome do delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia José Ramón Ónega. Interviñeron ademais do autor Marcelino Fernández Mallo; o director do departamento de Xestión Editorial José Miguel Montalbán; o coach e escritor François Pérez Ayrault; e a profesora titular de Filoloxía Románica da Universidade Complutense Carmen Mejía Ruiz.

Para Jiménez, Marcelino atopou a inspiración, como empresario que é, no propio mundo profesional en que se move, “tan dado a etiquetarse con nomes propios de depredadores de marca tiburóns ou falcóns”. Tamén se aventurou a expoñer a súa propia tese. “Atreveríame a dicir que El émulo de Reginald Perrin é unha obra que trata da soberbia, o peor dos pecados, e do pano de fondo da inseguridade sobre o que se proxecta. Como dixo Teilhard de Chardin: Nunca te teñas por seguro nesta vida”. Para José Miguel Montalbán “esta é unha novela profunda e enternecedoramente humana”. Como editor non dubidou nin un momento en apostar pola obra. Habitualmente bástalle con ler uns parágrafos para decidir pero con esta quería saber máis e atrapouno ata o final.

François Pérez Ayrault explicou que El émulo de Reginald Perrin “é a perturbadora historia dun home feito a si mesmo. Dun home que fixo do éxito o seu propósito de vida”. O protagonista autoretratase no seu diario

dunha forma moi gráfica: “Son un industrial e un home de negocios. A miña especialidade é o éxito”. Segundo Ayrault, “os personaxes teñen unha complexidade tan notoria, que fai imposible non sentirse identificado cun, dous, quince ou setenta comportamentos ou condutas que observamos en eles”, e engadiu que ler O émulo de Reginald Perrin, “é unha magnífica oportunidade para lerse a un mesmo, e comprenderse, máis aló das aparencias”.

Para Carmen Mejía, falar desta novela de Marcelino Fernández Mallo non é tarefa sinxela. A novela “abre moitas xanelas pechadas e explora camiños sinuosos difíciles de chegar a eles. O lector atópase diante do poder, o de Camilo, o do mundo empresarial, que non admite debilidades humanas nin fracasos”. Pero ademais, Mejía incidiu en que o autor “aborda un dos grandes temas actuais, o da perda de memoria, que lle leva por consello médico a escribir ese diario que sorprende ao lector polo desgarrador do mesmo”. Cruza e frialdade serán a tónica xeral deste relato, que esconde a outra faceta de Camilo. A través doutro dos personaxes, Inés “descubriremos as debilidades, os medos e os fracasos do home poderoso

sociedade. Vin como unhas persoas sen méritos relevantes, simplemente por unha confluencia de circunstancias, empolicábanse a unhas posicións desde as que gobernaron, coa nosa anuencia, boa parte da dinámica social. ¿Que circunstancias eran esas? Aquelas que conformaron a gran burbulla na cal ata o peor mastuerzo pasaba por ilustrado”. Para Fernández Mallo, grazas á literatura “somos capaces de proxectarnos máis aló dunha fachada, podemos superar a visión aparente e superficial que normalmente compramos da realidade”. Por iso, El émulo de Reginald Perrin “trata de indagar no que se esconde detrás das caras presuntuosas e autosuficientes que normalmente portan os líderes”. O escritor explicou ademais que Camilo López padece a enfermidade de Pick, unha doenza mental pouco frecuente. De feito, é a desculpa para que o paciente escriba o diario, como terapia prescrita polo médico, un elemento cruce que condiciona a estrutura da novela e a propia redacción. Engadiu ademais que cando Camilo finaliza o seu relato, “o lector non sabe que conclusións adoptar”. Salvando o carácter déspota do protagonista, o resto son dúbidas. O lector é consciente da carreira exitosa e do recoñece-



De esquerda a dereita, François Pérez Ayrault, o autor, Marcelino F. Mallo, Ramón Jiménez, Carmen Mejía e José M. Montalbán

e inalcanzable”. Desta maneira o lector enfróntase a universos contrapostos que delatan o imprevisible da vida. Pola súa banda o autor sinalou que el mesmo foi testemuña dunha sociedade como a que reflicte o seu libro. “Vin como uns cuantos executivos embobaban a toda unha

mento social, pero descoñece os motivos que hai detrás dese malestar permanente que transmite. En relación ao grupo empresarial, tamén necesita saber que está a pasar. É agora cando aparece Inés, irmá de Camilo, “coa lanterna, para alumiar as múltiples zonas de sombra”.

O Obradoiro Vocal A Vila só nos dá alegrías

Por Montserrat Rodríguez

Despois de conseguiren o segundo premio co coro xuvenil Cantemos, no Certame Internacional de Habaneras de Torreveja, no pasado mes de abril, esta asociación ponteareá segue a darnos motivos de orgullo e satisfacción.

Nesta ocasión, a sección adulta desta canteira de cantores trasladouse ata Avilés para participar na XXXIVª edición do certame “Villa de Avilés”, na fin de semana do 25 e 26 de novembro e non veu de mans vacías: conseguiron un merecido terceiro premio.



Ruth Barros Abalde, directora

Organizado pola Asociación coral avilesina na Casa da Cultura, este certame tamén contou co I Festival Coral Infantil que resultou un auténtico éxito de participación.

Tratábase dunha edición particular xa que dun total de cinco coros, catro eran galegos, tres resultaron premiados: para o coro Mistura Vocal de Vigo foi o primeiro e para o Proxecto Vocal Concerto-Tempo do Ferrol o segundo, un auténtico triplete galego de premios!!.

Os espectadores tamén puideron disfrutar do coro de Cámara

Ludus Tonalis da Coruña e da Agrupación Polifónica Art Capella de Talavera de la Reina (Toledo).

De todos é sabido que os premios sempre saben ben porque son un recoñecemento ao traballo e ao esforzo de horas a reo, de tantas horas e horas de ensaios, porén neste caso é un premio á humanidade: se algo caracteriza a este grupo de persoas que se xuntan e sacrifican o seu tempo de lecer para cantar xuntos, é o seu alto grao de implicación, a súa vontade por mellorar, por facer sentir a música e quecer os corazóns de quen os escoitan. Porque

son todo sentimento, entrega e dedicación, porque se fallan, rectifican e voltan a tentalo; porque non desfalecen a pesar dos obstáculos; porque saben que unidos chegan lonxe; porque son amigos, unha grande familia onde se traballan valores e ética cada día.

Especial mención merece a súa directora, que consegue manter a motivación e ilusión no coro OBRADOIRO, “un proxecto que fai honor ao seu nome, un lugar no que sempre se está construíndo cun traballo absolutamente artesanal como taller que é. Como todo traballo artesanal utiliza ma-

teriais sensibles, fráxiles e nada sofisticados que requiren mimo, coidado, atención, detalle e infinito tempo. O estimado valor da obra reside na natural esencia de si mesma, lonxe da fría perfección do produto prefabricado. (..) Un bo facer que acolle e non segrega, que anima e non coarta, que pulimenta por máis agrestes que sexan os materiais empregados. Ese bo facer ten nome e apelidos: Ruth Barros Abalde”

Dende aquí parabéns para OVAV que continúa a emocionarnos e a facernos sentir máis vivos!! Por moitos anos!!

Unha ponteareana entre as persoas premiadas nos I Premios Provinciais á Xuventude da Deputación de Pontevedra

Por Andrea González R.

O pasado mes de abril o servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra lanzou a primeira convocatoria dos Premios Provinciais á Xuventude. Unha gran variedade de obras e proxectos foron presentados a este concurso, que pretendía promover o talento e o potencial da mocidade galega da provincia. Durante o acto de entrega de premios, que tivo lugar o 29 de novembro, déronse a coñecer os nomes dos gañadores e gañadoras de tódalas categorías: Iniciativa social, blog, educación en valores e fotografía, entre outras.

Mónica Lemos, que acadou o primeiro premio na categoría de blogs co seu

proxecto “Objetivo Tutti Frutti”, explica que recibir este recoñecemento supuxo para ela unha grande sorpresa pero tamén moita ledicia e orgullo. Esta ponteareana leva traballando na súa páxina dende 2014, ano no que a súa formación académica a levou a interesarse especialmente pola innovación educativa. No seu blog, que xa conta con máis de 1.500 seguidores nas redes sociais, comparte recursos, ideas e reflexións persoais sobre a educación en todas as súas formas. Recoñece que non é doado compaxinar esta tarefa coas súas obrigacións profesionais porque, aínda que levar un blog ao día comporte moito traballo, no seu caso non é unha actividade remunerada, polo menos, de mo-

mento. A moza relata como nalgúns épocas a xeración de contidos é menos constante e ten que deixar a súa actividade de lado para facer frente a outros quefaceres. Aínda así, Mónica sempre atopa a maneira de seguir adiante con esta aventura dixital que, segundo opina, é unha solución marabillosa para compartir e integrar coñecemento: “a pesar de todo o tempo que implica, a motivación de poder transmitir unha nova forma de entender a educación, de forma integral, é moi grande”. Agradecida por este premio a tres anos de esforzos, asegura que seguirá traballando no proxecto e axudando a outras persoas a crear tamén os seus espazos de comunicación na rede.

